ESPAÑA
FRANQUEO CONCERTADO
F.C. Nº 15000077

MONTES Multitudinaria manifestación pola mudanza das políticas forestais ▸ 10

MINARÍA. Alcaldes e colectivos da Terra Chá rexeitan a actividade extractiva de Erimsa ▸ 17

LEITE Proceso xudicial contra as industrias multadas por Competencia


Un bufete catalán encárgase das demandas polo pacto de prezos entre empresas lácteas ▸ 3



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLV - Nº 328 - Setembro-Outubro 2019

A CONSELLARÍA DE MEDIO RURAL DEIXOU SEN EXECUTAR 116 MILLÓNS EN 2018




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Admvo. San Caetano, Bloque 3
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 41 71 Fax 981 54 41 73

Execución do orzamento de gastos por seccións da Administración Xeral. Exercicio 2018

SECCIÓN	CRÉDITO DEFINITIVO (A)	% SECCIÓN /CREDITO DEF.	COMPROMISOS (B)	OBRIGAS (C)	% EXEC. OBR/CRÉ DITO DEF	PAGAMENTOS (D)
01 - PARLAMENTO	19.165	0,18%	19.165	19.165	100,00%	15.971
02 - CONSELLO DE CONTAS	5.679	0,05%	5.679	5.679	100,00%	5.613
03 - CONSELLO DA CULTURA GALEGA	2.369	0,02%	2.369	2.366	99,88%	2.130
04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	293.465	2,74%	290.135	281.790	96,02%	247.346
05 – VICEPRESIDENCIA E PRESIDENCIA, ADMÓNS. PÚBLICAS E XUSTIZA	300.720	2,81%	284.047	273.991	91,11%	257.150
06 - FACENDA	54.945	0,51%	54.761	54.734	99,62%	52.778
07 - MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	83.729	0,78%	79.794	71.206	85,04%	51.332
08 – INFRAESTRUCTURAS E VIVENDA	366.629	3,43%	356.573	336.359	91,74%	289.017
09 –ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	506.246	4,73%	455.520	328.709	64,93%	233.910
10 – CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	2.386.635	22,30%	2.384.538	2.377.247	99,61%	2.308.611
11 – SANIDADE	3.868.519	36,15%	3.863.616	3.852.785	99,59%	3.626.476
12 – POLÍTICA SOCIAL	677.351	6,33%	676.064	658.793	97,26%	590.830
13 – MEDIO RURAL	513.983	4,80%	497.982	397.946	77,42%	346.898

A finais de outubro, a Consellaría de Facenda facía públicas as contas do ano 2018. Esta contabilidade resultou de escándalo para a Consellaría de Medio Rural, que deixou de executar 116 millóns de euros dos que tiña asignados, aos que habería que sumar outros 10 millóns de Agader ou 2 millóns do Fogga. En total, case 130 millóns de euros que deixaron de investirse no Medio Rural. Por riba, soubemos da intención de suprimir as Axudas Agroambientais, das que se benefician unhas 4.000 granxas, sobre todo de zonas desfavorecidas de Lugo e Ourense. ▸ 4 e 5



O IV Foro Labrego de Agroecoloxía será en Padrón os días 16 e 17 de novembro

FAUNA SALVAXE Medio Ambiente decreta emerxencia cinexética en catro comarcas galegas, con caza libre de xabaril en 33 concellos ▸ 11

EÓLICOS O SLG apoia a loita contra a construción dun parque eólico na Serra do Iribio cuxo proxecto está cheo de irregularidades ▸ 16

sindicato labrego galego
comisións labregas

EDITORIAL

A PAC que precisamos: máis agricultoras e agricultores e mellores alimentos

O outono chega con cambios respecto á PAC actual e coa incerteza de cal vai ser o seu futuro. Este 1 de novembro comeza o prazo para comunicarlles ás comunidades autónomas as cesións de dereitos de cara á PAC 2020 e, uns días antes, en concreto o 31 de outubro, o Consello de Ministr@s aprobaba o real decreto que modifica a aplicación da PAC actual en aspectos tan importantes como as condicións para considerar agricultor ou agricultora activ@s ou a data na que as mozas e os mozos deben cumprir os requisitos para as axudas de incorporación e os dereitos da reserva. Tamén se determina que as persoas perceptoras de dereitos especiais deixarán de ter dereito a estas axudas se non as solicitan en dous anos. Outra das novidades será o monitoreo das parcelas a través da observación periódica de imaxes por satélite.

O ministro de Agricultura en funcións, Luis Planas, anunciou que agardaba ter o borrador do plano estratéxico do Estado español a mediados do ano 2020. Coa maioría dos deberes sen facer por parte do Ministerio, pois ata o momento non houbo nin unha soa xuntanza dos grupos de traballo da cadea de valor, de desenvolvemento local e innovación, nin de competitividade; e pouco máis que unha mínima avaliación de necesidades dos grupos de renda e resiliencia, de medio ambiente e cambio climático e de mocidade, mulleres e despoboamento; a finais de outubro, a Xunta anunciaba con moito rebumbio un convenio coa Universidade de Santiago para elaborar o Plan Estratéxico da PAC en Galicia Horizonte 2030. Volveremos a ter un modelo no que as persoas que realmente vivimos no rural e da actividade agraria e gandeira sexamos convidadas de pedra? Expertos en papeis que nada saben do que é ter que sacar adiante unha actividade real seguirán a defender as mesmas fórmulas que nos últimos 30 anos sumiron a Galicia nun auténtico inverno demográfico, económico e social?

“Expertos en papeis que nada saben o que é ter que sacar adiante unha actividade real seguirán a defender as mesmas fórmulas que nos últimos trinta anos sumiron a Galiza nun auténtico inverno demográfico, económico e social?”

Este mes de outubro tamén saltaba a nova de que a Federación Española de Caza pedía que se incluíran medidas para a consideración da actividade cinexética dentro da PAC e axudas agroambientais para preservar a biodiversidade entendida como especies cinexéticas (corzo, xabarín, lobo…). Eramos poucos e pariu a avoa.

Un pouco máis lonxe, en Luxemburgo, o Consello de Ministros e Ministras Europeo avalaba na súa xuntanza do 14 de outubro a folla de rota prevista pola Comisión Europea na que, en base a uns obxectivos económicos, ambientais e sociais determinados e ás necesidades de cada estado, este debe elaborar un plano estratéxico con medidas que lle permitan cumprir eses obxectivos, empregando os pagos directos, as medidas de desenvolvemento rural e as de mercado. A Comisión Europea reserva para si o papel de aprobar cada plan, co pretexto de garantir a coherencia e a protección do mercado único, supervisando o cumprimento dos obxectivos e empregando uns indicadores acordados a nivel da UE. Os chamados esquemas ecolóxicos seguen considerándose elementos importantes, aínda que non hai acordo sobre como deben ser e a ambición respecto a este tema dependerá tamén dos fondos da propia PAC.

Neste momento no que non hai nin acordo sobre o calendario para a aprobación do orzamento, nin sobre as medidas que se van a levar adiante, e no que xorden máis expertos, planos estratéxicos e máis especuladores con idea de aproveitar os fondos do PAC para seguir destruíndo a agricultura labrega e o medio rural ca cogomelos no outono, queremos pór en valor as propostas do Sindicato Labrego Galego e da Vía Campesina. Estas ideas falan da necesidade imperiosa dun apoio político, económico e social axeitado para que haxa máis persoas labregas e mellores alimentos, o que implica prezos xustos, un tope para os pagos directos e unha redistribución das axudas. Actualmente menos do 2% dos beneficiarios da PAC reciben o 30% do orzamento. Non pode ser que a xente moza e a que representa unha agricultura e gandería verdadeiramente comprometidas cunha alimentación saudable e de calidade para a sociedade continúe a ser a máis discriminada polas axudas da Política Agraria Común. Que haxa perceptores que reciban centos de miles e millóns de euros da PAC é absolutamente inadmisible, e menos aínda que sexa en modelos que destrúen a nosa saúde e o medio natural.

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual

FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables SL

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane e Conchi Mogo.

COLABORACIÓNS
Isabel Vilalba Seivane, Margarida Prieto Ledo, Ramón Barreiro, Xulio Fernández, Andrés Castro e Sara Guerrero Alfaro.

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

PECHE DE EDICIÓN 04-11-2019

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154
VALDEORRAS Rúa Eulogio Fernández 3, entrechán, local 2. ☎ 616 504 487
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
BECERREÁ Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615
LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

LEITE ▸ Pode reclamar calquera explotación que fixese entregas entre 2000 e 2013, mesmo as que venderon a súa produción a industrias que non foron multadas

Un bufete de avogados catalán levará a demanda contra o cártel do leite

Tras ser sancionadas por Competencia, 8 empresas e 2 asociacións enfrótanse agora ás reclamacións individuais das granxas

O pasado mes de xullo, Competencia sancionaba con 80'6 millóns de euros a un grupo de oito industrias e dúas asociacións lácteas por prácticas contrarias á libre competencia coa intención de manipular os prezos do leite á baixa. Estas prácticas fraudulentas de cártel aconteceron entre 2000 e 2013 (un cártel é un convenio entre varias empresas semellantes para evitar a mutua competencia e regular a produción, venda e prezos en determinado campo industrial).

As empresas sancionadas foron Capsa Foods (Central Lechera Asturiana, Larsa...), Danone, Lactalis, Industrias Lácteas de Granada, Pascual, Nestlé, Schreiber Food, Asociación de Empresas Lácteas de Galicia, Gremio de Industrias Lácteas de Cataluña e Central Lechera de Galicia.

Diante disto, a Dirección do Leite e o equipo xurídico do Sindicato Labrego Galego analizaron, nunha xuntanza celebrada o 11 de outubro en Compostela, os pros e contras de que as granxas afectadas poidan recorrer xudicialmente para recuperar os cartos que deixaron de ingresar a causa das prácticas fraudulentas das industrias.

Nesta xuntanza, contamos coa presenza de Albert Poch, do bufete Redi Abogados (Barcelona) especializado en demandas contra cárteles industriais. Poch explicou que as industrias multadas saíron gañando, xa que a sanción é menor que os cartos obtidos polas súas prácticas ilegais.



Albert Poch é socio do despacho de avogados Redi, especializado en grandes litixios e reclamacións por infraccións do dereito da competencia, e mantivo un encontro de traballo coa Dirección do Leite do SLG o 11 de outubro

Aínda que este cártel de empresas xa foi sancionado pola Comisión Nacional dos Mercados da Competencia polas súas prácticas, agora ábrese a posibilidade de que as partes afectadas poidan demandar ás industrias e empresas multadas. Precisamente, o bufete Redi Abogados ofreceuse a xestionar a reclamación dos gandeiros e das gandeiras afectadas fronte ao cártel de empresas (non fronte á empresa particular que lle recolleu a cada explotación o leite).

Ao peche deste Fouce, a Dirección do Leite do SLG estaba a elaborar un calendario de asembleas comarcais para informar á afiliación sobre os pros e contras de demandar ás industrias leiteiras sancionadas por prácticas de cártel. De seguido, compartimos con vós un calendario provisional que aínda non se rematou de confeccionar.

Se precisas máis información de calquera destes actos, contacta co teu local comarcal para saber máis.

A ESTRADA. 7 novembro.
FERROLTERRA. 8 novembro.
IRIXOA. 11 novembro.
ORDES. 12 novembro.
OZA-CESURAS. 12 novembro
BETANZOS. 14 novembro.
MONFERO. 15 novembro.
TEIXEIRO. 19 novembro
LUGO. 20 novembro.
CHANTADA. 21 novembro.
MEIRA. 22 novembro.
LALÍN. 25 novembro.
RIBADEO. 26 novembro.
VILALBA. 26 novembro.
ARZÚA. 27 novembro.
COMPOSTELA. Data sen determinar.

Hai un ano de prazo para poder reclamar e en Cataluña xa o fixeron 393 granxas

Albert Poch informounos de que hai un prazo dun ano, contado dende a data de publicación da sanción (11 de xullo de 2019) para reclamar.

Os custes desta acción legal son millonarios e calcúlase que o proceso xudicial pode alongarse durante uns dez anos. Por iso, o bufete Redi Abogados está apoiado por un fondo de investimentos que lle adianta os cartos necesarios para levar adiante a demanda.

As reclamacións das perdas de cada explotación vanse realizar acumuladas nunha mesma demanda, agrupando o maior número de granxas posible, xa que se fará máis forza no proceso contra maior sexa o número gandeiros e gandeiras que reclamen. En Cataluña, por exemplo, hai unhas 500 granxas que poden reclamar neste proceso, e puxéronse de acordo un total de 393.

En caso de que teñas interese en iniciar accións legais contra o cártel da industria láctea, o Sindicato Labrego Galego pode facilitarche o contacto co bufete Redi Abogados para que inicies o proceso e darche cumprida información sobre este tema. Durante o mes de novembro, informaremos en asembleas comarca a comarca.

FONDOS AGRARIOS ▸ No informe de contas do ano 2018, publicado pola Consellaría de Facenda, tamén revelan que Agader non gastou a metade do seu orzamento

Medio Rural deixa sen executar 116 millóns e agora quere suprimir as agroambientais

Mentres que Castela e León prorrogou dous anos esta liña de axudas con 56 millóns, Galiza segue sen pronunciarse ao respecto

Execución do orzamento de gastos por seccións da Administración Xeral. Exercicio 2018

SECCIÓN	CRÉDITO DEFINITIVO (A)	% SECCIÓN /CREDITO DEF.	COMPROMISOS (B)	OBRIGAS (C)	% EXEC. OBR/CRÉ DITO DEF	PAGAMENTOS (D)
01 - PARLAMENTO	19.165	0,18%	19.165	19.165	100,00%	15.971
02 - CONSELLO DE CONTAS	5.679	0,05%	5.679	5.679	100,00%	5.613
03 - CONSELLO DA CULTURA GALEGA	2.369	0,02%	2.369	2.366	99,88%	2.130
04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	293.465	2,74%	290.135	281.790	96,02%	247.346
05 – VICEPRESIDENCIA E PRESIDENCIA, ADMÓNS. PÚBLICAS E XUSTIZA	300.720	2,81%	284.047	273.991	91,11%	257.150
06 - FACENDA	54.945	0,51%	54.761	54.734	99,62%	52.778
07 - MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	83.729	0,78%	79.794	71.206	85,04%	51.332
08 – INFRAESTRUCTURAS E VIVENDA	366.629	3,43%	356.573	336.359	91,74%	289.017
09 –ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	506.246	4,73%	455.520	328.709	64,93%	233.910
10 – CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	2.386.635	22,30%	2.384.538	2.377.247	99,61%	2.308.611
11 – SANIDADE	3.868.519	36,15%	3.863.616	3.852.785	99,59%	3.626.476
12 – POLÍTICA SOCIAL	677.351	6,33%	676.064	658.793	97,26%	590.830
13 – MEDIO RURAL	513.983	4,80%	497.982	397.946	77,42%	346.898
14 - MAR	119.761	1,12%	118.649	80.301	67,05%	71.359
20 - CONSELLO CONSULTIVO	1.733	0,02%	1.733	1.719	99,14%	1.694
21- TRANSFERENCIAS CC.LL.	123.481	1,15%	123.481	123.481	100,00%	114.066
22- DÉBEDA PÚBLICA	1.204.243	11,25%	1.161.231	1.161.231	96,43%	1.161.130
23 - GASTOS DIVERSAS CONSELLERÍAS	171.834	1,61%	37.149	37.149	21,62%	36.417
TOTAL	**10.700.488**	**100,00%**	**10.412.485**	**10.064.649**	**94,06%**	**9.412.724**

(Datos en miles de euros)

O Sindicato Labrego Galego denunciou a intención de Medio Rural de rematar coas axudas agroambientais, das que se están a beneficiar ao redor de 4.000 granxas na Galiza, principalmente en Lugo e na montaña de Ourense.

Dende esta organización agraria coñecemos esta nova a través de fontes da propia Consellaría, onde argumentan que non hai unha demanda do sector para seguir apoiando unha liña de subvencións que supoñen un pulo importante para a economía das granxas que practican modelos mais sustentables de produción, vinculados ao territorio, especialmente das granxas de vacún de carne, dados os baixos prezos que perciben polas súas producións.

O Sindicato Labrego Galego, a través da súa secretaria xeral, Isabel Vilalba Seivane, xa solicitara na última sesión do Consello Agrario Galego, celebrada o 21 de xuño, que a Consellaría de Medio Rural crease unha liña orzamentaria para prorrogar estas axudas.

O motivo da petición viña dado porque, na conxuntura actual, na que se está preparando unha reforma da Política Agraria Común (PAC) e os orzamentos comunitarios para agricultura están temporalmente conxelados, faise necesario que sexa a propia Consellaría de Medio Rural a que adiante os cartos das axudas agroambientais para 2020 e 2021 de cara a garantir a súa continuidade. En Castela e León, por exemplo, crearon unha partida extraordinaria de 56 millóns de euros para facelo.

Porén, semella que o departamento que dirixe José González quere suprimir directamente estas subvencións coa escusa de que o sector non demandou a súa continuidade, o cal é rotundamente falso se atendemos as demandas que o propio Sindicato Labrego Galego fixo no Consello Agrario.

Quedou sen gastar a metade do orzamento de Agader para desenvolvemento rural

Para o SLG, este pode ser un síntoma máis das políticas de recortes da Xunta, cando non da máis pura incompetencia, que se están a cebar cos orzamentos de Medio Rural. O informe de contas que publicou a Consellaría de Facenda a finais de outubro é ben claro: Medio Rural, cun orzamento de case 514 millóns de euros, só executou 398 millóns. En total, deixou de gastar 116 millóns. No caso de organismos dependentes desta área, como a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), a xestión é de escándalo: só executou o 51% dos 22 millóns que debía xestionar, deixando sen gastar 10 millóns de euros. Por funcións, as contas xerais da Xunta indican que, dos 146 millóns de euros previstos para "actuacións e valoración do medio rural", quedaron sen gastar 30 millóns; e que en "dinamización económica do medio rural", quedaron sen executar 75 millóns dos 325 orzamentados.

O único organismo de Medio Rural que se achegou a un nivel de gasto aceptable, aínda que mellorable, foi o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) que, dos 43 millóns que tiña orzamentados, executou 41, o que supón o 93%. **SEGUE** ▸

A Consellaría argalla novos atrancos administrativos para denegar subvencións

Con este nivel de incompetencia non son de estrañar feitos evidentes como o desmantelamento das oficinas agrarias comarcais. Tamén podería explicar prácticas administrativas que, aínda que legais, son eticamente reprobables. Un bo exemplo é que, nos últimos tempos, e sen aviso previo, a Consellaría de Medio Rural deixou de enviar notificacións ás persoas que solicitan axudas para que corrixan erros nas solicitudes ou acheguen documentos que faltan. Isto fixo que a moitas granxas se lles denegasen subvencións ao non recorrer en prazo. Semella que, a partir de agora, para saber se tes que recorrer unha resolución referente a unha axuda terás que ler todos os días o Diario Oficial de Galicia, xa que agora mesmo é o único medio de notificación (até agora, o normal era recibir un requerimento por correo certificado, comezando a contar o prazo de reclamación dende a data de recepción da carta).

Outro exemplo deste tipo de prácticas dirixidas a obstaculizar o acceso a subvencións é a imposición nas bases das axudas de prazos imposibles de cumprir para presentar a licenza municipal dos proxectos subvencionados.

Con prácticas administrativas como as devanditas, Medio Rural pode aforrar uns cantos miles de euros a costa dos labregos e das labregas denegándolles subvencións por fallos formais perfectamente corrixibles.

Finalmente, ademais de ser moi importantes para a economía de 4.000 granxas que poden cobran de media entre 3.000 e 4.000 € polas axudas agroambientais; cómpre lembrar que estas subvencións garanten prácticas agronómicas respectuosas co medio ambiente, o mantemento de zonas desfavorecidas de montaña, a xestión sustentable do territorio, a loita preventiva contra os lumes forestais en zonas de alta actividade incendiaria ou efectos paliativos contra o cambio climático. Por iso non entendemos que, dada a súa importancia, a Consellaría de Medio Rural teña intención de eliminalas. E menos mal que estamos na lexislatura do rural... **FIN ■**

Execución do orzamento de gastos por funcións da Administración Xeral. Exercicio 2018

FUNCIÓN	CRÉDITO DEFINITIVO	% CRÉDITO	COMPROMISOS	OBRIGAS	%O/CD	PAGAMENTOS
11 ALTA DIRECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	34.130	0,32%	34.003	33.949	99,47%	30.420
12 ADMINISTRACIÓN XERAL	77.368	0,72%	74.852	74.666	96,51%	70.359
13 XUSTIZA	148.080	1,38%	142.856	140.701	95,02%	135.748
14 ADMINISTRACIÓN LOCAL	21.170	0,20%	19.414	12.971	61,27%	9.906
15 NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	7.757	0,07%	7.756	7.548	97,31%	6.439
16 PROCESOS ELECTORAIS, ORGANOS DE REPRESENTACIÓN POLÍTICA E INSTITUCIÓNS DEMOCRÁTICAS	2.000	0,02%	2.000	1.936	96,79%	1.870
21 PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE	24.752	0,23%	24.077	23.225	93,83%	20.330
31 ACCIÓN SOCIAL E PROMOCIÓN SOCIAL	712.360	6,66%	702.819	685.217	96,19%	615.410
32 PROMOCIÓN DO EMPREGO E INSTITUCIÓNS DO MERCADO DE TRABALLO	324.286	3,03%	275.160	190.806	58,85%	175.805
33 COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO	5.046	0,05%	5.046	5.046	100,00%	5.046
41 SANIDADE	3.868.519	36,15%	3.863.616	3.852.785	99,59%	3.626.476
42 EDUCACION	2.320.486	21,69%	2.287.796	2.286.035	98,52%	2.260.974
43 CULTURA	66.149	0,62%	65.489	63.630	96,19%	49.590
44 DEPORTES	22.780	0,21%	22.780	22.300	97,89%	20.659
45 VIVENDA	85.796	0,80%	76.337	64.784	75,51%	45.895
46 OUTROS SERVIZOS COMUNITARIOS E SOCIAIS	104.205	0,97%	104.205	104.205	100,00%	103.473
51 INFRAESTRUTURAS	283.664	2,65%	283.067	272.960	96,23%	241.493
52 ORDENACIÓN DO TERRITORIO	14.636	0,14%	12.987	9.747	66,59%	6.339
54 ACTUACIÓNS AMBIENTAIS	95.279	0,89%	92.955	87.607	91,95%	68.214
55 ACTUACIÓNS E VALORACIÓN DO MEDIO RURAL	146.528	1,37%	146.528	116.854	79,75%	109.198
56 INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN	134.674	1,26%	133.319	109.600	81,38%	58.160
57 SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO CONECEMENTO	103.089	0,96%	100.823	92.966	90,18%	83.178
58 INFORMACIÓN ESTATÍSTICA BÁSICA	4.204	0,04%	4.204	4.204	100,00%	4.052
61 ACTUACIÓNS ECONÓMICAS XERAIS	24.803	0,23%	24.619	24.596	99,17%	18.849
62 ACTIVIDADES FINANCEIRAS	151.937	1,42%	50.302	50.301	33,11%	48.942
71 DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DO MEDIO RURAL	325.873	3,05%	310.219	250.452	76,86%	208.354
72 PESCA	74.274	0,69%	73.379	36.496	49,14%	35.002
73 INDUSTRIA, ENERXÍA E MINARIA	45.732	0,43%	45.672	36.338	79,46%	16.592
74 DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL	75.696	0,71%	74.988	51.572	68,13%	18.230

IET	3.793	3.384	3.118	82,18%	3.044	74
IGVS	110.350	98.839	74.396	67,42%	67.136	7.260
FOGGA	44.192	43.186	41.097	93,00%	40.867	230
AGADIC	880	880	880	100,00%	871	8
AGI	1.125	1.125	1.125	100,00%	1.125	0
AMTEGA	11.155	11.155	10.547	94,55%	9.101	1.446
GAIN	240.499	240.458	229.832	95,56%	213.689	16.142
ATRIGA	105.241	103.817	93.584	88,92%	85.111	8.473
ATURGA	76.120	68.685	50.406	66,22%	30.097	20.308
AGSS	20.215	20.215	20.202	99,93%	19.908	293
ACIS	53.034	52.632	50.366	94,97%	34.675	15.691
ADOS	14.437	14.437	13.946	96,60%	13.768	179
XERA	5.586	3.129	3.120	55,86%	3.120	0
AXEGA	23.329	23.328	22.724	97,41%	22.320	404
CIXTEC	5.156	4.626	3.870	75,06%	3.795	75
CES	6.230	5.650	4.735	76,00%	4.436	299
IGAPE	10.858	10.858	10.473	96,45%	10.319	154
INEGA	72.403	60.296	34.344	47,43%	32.580	1.764
AGADER	24.229	21.892	12.334	50,91%	7.182	5.152
INGACAL	37.834	37.834	33.022	87,28%	32.916	106

COMERCIALIZACIÓN ▸ Serán 17 explotacións zamoranas que cumpren criterios votados por persoas consumidoras

Comeza a comercializarse leite "Quen é o xefe?" cun prezo para a granxa de 39 céntimos por litro

A iniciativa "Quen é o xefe?", coa que se están a comercializar alimentos segundo criterios votados polas persoas que consumen, conseguiu poñerse en marcha no Estado Español co leite e cos ovos.

En principio, fornecerán leite 17 granxas da cooperativa zamorana Gaza que reúnen as condicións esixidas polos consumidores e consumidoras: de orixe española, producida en granxas a menos de 150 quilómetros do lugar de envasado, un espazo mínimo de 8 metros cadrados para cada vaca, que como mínimo o 50% da alimentación sexa en base a forraxes e que esta non teña presenza de aceite de palma. No caso do envase, o tapón será de orixe vexetal.

O prezo en orixe, tamén votado polos consumidores e consumidoras, será de 39 céntimos por litro. Agora mesmo, estase a comercializar en todos os supermercados do grupo Carrefour con prezos finais de 84, 90 e 99 céntimos, dependendo de se é desnatado, semidesnatado ou enteiro.

En canto aos ovos, serán de galiñas criadas en liberdade, cunha alimentación baseada nun 60% de cereais e cunha distancia máxima de 150 quilómetros entre o centro de produción e o de embalaxe. Agora mesmo, quen fornece os ovos de "Quen é o xefe?" é unha granxa avícola de Toledo.



Desglose do destino dos cartos pagados polo leite de "Quen é o xefe?" no comercio para a variedade semidesnatada, que se vende a 90 céntimos









FORMACIÓN ▸ Na nosa oferta formativa incidimos en aspectos orientados a obter unha maior renda das nosas producións, como transformación e comercialización

O SLG reforza a formación en sectores como o lácteo, hortícola, vinícola e cárnico

Nalgunhas aulas contamos con formadores de prestixio internacional como José Luís Martín ou Nacho Simón

O mes de outono trouxo un forte incremento das actividades formativas nas que participou o Sindicato Labrego Galego, tanto como entidade organizadora como colaboradora. En todos os casos, a demanda dos diversos sectores produtivos conformaron a nosa axenda.

No **sector lácteo**, por exemplo, volveuse celebrar un curso de elaboración de queixos e outros derivados lácteos, da man do mestre e afinador queixeiro José Luís Martín, desta vez en Xinzo. Este mesmo curso está programado para Oroso do 18 ao 22 de novembro.

En **vacún de carne**, a Asociación de Produtores de Carne de Montaña (Aprocam) organizou un curso sobre comercialización en Chantada no que, aparte de coñecer a fondo todas as obrigas legais e burocráticas que implica vender directamente a carne, tivemos unha visita práctica á Cooperativa A Carqueixa, nos Ancares, que está a dar os primeiros pasos na venda online, e da que damos conta na seguinte páxina.

Tamén en Chantada celebramos un curso de **viticultura ecolóxica** no que contamos co noso responsábel do sector do viño, Bernardo Estévez, como docente. Ao peche deste Fouce, dende o SLG estabamos a colaborar na organización dun curso de agricultura rexenerativa aplicada ao viñedo en Ribadavia, os días 8 e 9 de novembro, co especialista de renome internacional Nacho Simón.

En **horta**, demos continuidade ao curso de agricultura ecolóxica que se celebrou na escola habanera de Valcarría, en Viveiro, cun módulo de perfeccionamento no que volvemos contar co noso técnico Andrés Castro.

Esta formación no sector hortícola completouse con cursos sobre **transformación e conservación de produtos da terra** nos que colaborou o SLG, como o organizado polo GDR Terras de Compostela en Santiago, ou o da Asociación Terras de Valcarce e a Asociación Cultural Brisas do Quenllo na Pontraga (Tordoia). Nestas aulas, o alumnado aprendeu a facer todo tipo de transformacións alimentarias: conservas, escabeches, licores, froita en alcol, deshidratación de cogomelos, marmeladas, confeituras, conservas de froita, vinagres, semivinagres, hortalizas ao natural, etc. Xa para novembro e decembro, temos programado outro destes cursos en Dordaño (Cesuras). En todos eles, tivemos como profesor o vicerresponsábel de Horta do SLG, Henrique Outes.

Tamén en Dordaño houbo un curso sobre identificación e aproveitamento de **plantas medicinais**, organizado pola Asociación Terras de Valcarce, que impartiu María Fra Bagaria, autora do libro "Remedios da nosa horta medicinal" (Baía Edicións).

En **montes**, seguimos coa formación para dar a coñecer as obrigas e consellos de cara a prever e loitar contra os incendios forestais, con xornadas en Rois e A Estrada para as que contamos co noso coordinador da área de Montes, Diego Sánchez Agra.

Finalmente, tivemos cursos sobre **seguros agrarios** en Vilalba e Manzaneda, nesta ocasión centrados no gando vacún de carne e na seca de pasteiros. No caso do concello ourensán, completouse tamén cos seguros sobre uva de vinificación.

COMERCIALIZACIÓN DE CARNE ▸ A Asociación de Produtores de Carne de Montaña (Aprocam), coa colaboración do Sindicato Labrego Galego, desenvolveu un curso sobre comercialización de produtos cárnicos en Chantada ao longo do mes de outubro. Unha das partes máis interesantes destas aulas foi a saída de campo que se fixo a Cervantes para coñecer de primeira man a experiencia da Cooperativa A Carqueixa, que dende hai medio ano puxo en marcha un anovador sistema de venda online que lles permite chegar co seu produto a calquera punto da Península Ibérica.

A Carqueixa: Feireando por Internet

Para coñecer todos os detalles desta experiencia, estiveron con nós un dos dinamizadores da cooperativa, o párroco Ramiro Martínez; o xerente, Román Sánchez Besteiro; e o técnico David López.

A Carqueixa está integrada por 195 socios e socias e forma parte da cooperativa de segundo grao Artesáns Gandeiros. As granxas son maioritariamente de Cervantes e Navia de Suarna, aínda que tamén hai familias de Pedrafita, Becerreá, Baralla e As Nogais. En total, as ganderías de A Carqueixa teñen unhas 5.500 reses, o que dá unha media aproximada de 25 por explotación.

Agora mesmo, a venda por Internet fana a través da web **www.osabordosancares.com**, e dá a posibilidade de mercar carne en lotes de 5 quilos (53 €) e 10 quilos (95 €). Trátase dun prezo final, no que se inclúe o transporte, matadoiro, despece, envasado, IVE, etc. O pagamento faise con tarxeta de crédito ou por transferencia.

Cada lote de 10 quilos leva 1 quilo de carne picada, 1 de hamburguesa, 1 de espaldiña, 2'5 de filetes, 1,5 de costeletas, 1,5 de agulla e xarrete e 1,5 de faldra. Nestes momentos, están obtendo 5'15 € por quilo. Trátase dun prezo inicial algo máis baixo do pretendido para ir abrindo mercado. A intención sería subir a 5'50 €. Ese prezo obtido pola venda online redondéase coa venda aparte de produtos como o solombo, as carrilleiras ou o rabo, que non se inclúen nos lotes, de maneira que, finalmente, obterían un prezo medio de 6 € o quilo, que é o seu obxectivo.



O curso de comercialización de carne de Aprocam fixo unha visita técnica a granxas da parroquia de Quindous (Cervantes)

A intención é ir asentándose, mellorar o prezo e diversificar a clientela, vendendo a centros escolares, hamburgueserías, cátering e restauración. Para iso, deberán flexibilizar a venda por lotes, permitindo que se poida pedir máis duns produtos e menos doutros, a vontade de quen merca, o que esixirá a revisión semanal de existencias para regular a oferta.

Esta diversificación da clientela tamén lles obrigará a facer cambios no sistema de transporte. Actualmente, fan os envíos a través de Integra2; pero para levar regularmente mercadoría a centros escolares ou restaurantes, están valorando utilizar transporte propio.

Alimentación tradicional mesmo con transhumancia

Trátase dunha carne de calidade, co selo de Tenreira Galega Suprema, con xatos aleitados até os sete meses ou máis, complementando despois con forraxes, cereais e hortalizas; e utilizando razas como Rubia e, en menor medida, Asturiana e Limousin.

Esta aposta pola alimentación natural fai que moitos cooperativistas, cando os seus propios pasteiros non teñen herba suficiente, opten pola transhumancia, levando o gando ás brañas de Campo da Auga, no Bierzo. Hai que ter en conta que na zona de Cervantes que visitamos, transformaron monte en pasteiros, sendo terreos difíciles que non producen tanto como os prados.

O presidente da cooperativa, José Antonio Díaz, explicounos que fan así dezaseis granxas cervantegas, que levan unhas trescentas reses a pé -oito horas de camiño- para pacer nas brañas alugadas a unha comunidade de montes da veciña provincia de León dende maio até as primeiras neves, ao redor de novembro. O sacrificio dos xatos fano no matadoiro de Taboada, a onde os envían cando xa pesan uns 150 quilos.

VIÑO ▸ Tras dúas campañas caracterizadas por fortes caídas na produción debido ás adversidades metereolóxicas, 2019 veu marcado por unha relativa normalidade

As boas condicións climáticas favoreceron unha boa vendima agás en Rías Baixas

Cun descenso do 17%, a denominación de orixe atlántica foi a única na que a produción baixou respecto do ano pasado



Neste 2019, a vendima tivo por fin un ano relativamente normal tralas colleitas pasadas que viñeron condicionadas por unha metereoloxía adversa que, ou ben estragou viñedos ou ben favoreceu a propagación de enfermidades. Agás Rías Baixas, onde houbo unha caída da produción considerable con respecto ao ano pasado, nas demais denominacións de orixe houbo un aumento da uva vendimada. En canto aos prezos, mantivéronse estables agás en Valdeorras, onde a escaseza produtiva de campañas pasadas propiciara que o valor da uva aumentase para regresar, este ano, ás cotizacións habituais.

RÍAS BAIXAS

A comezos de outubro, o Consello Regulador de Rías Baixas publicaba as cifras oficiais da súa vendima: 32 millóns de quilos de uva, no meirande de variedades brancas. Daquela, quedaba pendente por apañar a uva tinta, que supón só o 0'8% da colleita, polo que a cifra adiantada apenas varía. Isto supón, aproximadamente, unha caída do 17% na produción con respecto do ano pasado.

Esta caída da colleita propiciou que os prezos tivesen unha lixeira suba con respecto ao ano pasado, pagándose a uva albariño a unha media de 1'40 por quilo, e chegando a cotizacións mesmo de 1'70 e 2 euros, excepcionalmente.

A nosa coordinadora no norte de Pontevedra, Montse Sanmartín, comentounos que nalgunhas zonas concretas do Salnés, por exemplo, o pedrazo afectou a algúns viñedos na primavera, cando se estaban a formar os acios; e entre un 5-6% das vides víronse atacadas polo mildeu. Polo demais, a calidade foi moi boa, cunha media de 13'6 graos, superando anos anteriores. O Salnés segue a ser a subzona na que se produce o groso da uva de Rías Baixas: o 60%.

RIBEIRA SACRA

Na Ribeira Sacra apañáronse 7'2 millóns de quilos de uva, a inmensa maioría (6 millóns) de Mencía. Trátase da mellor colleita na historia desta denominación de orixe, que podería verse mellorada porque se prevé que a uva deste ano teña un maior rendemento á hora de vinificar.

A nosa responsábel en Chantada, Belén Ledo, coméntanos que, aínda que no aspecto sanitario non houbo queixa, sen case presenza de mildiu; si que houbo varios casos de black rot propiciados por viñas abandonadas e sen coidar que contaminan vides veciñas en activo.

En canto aos prezos, houbo un lixeiro incremento respecto do ano pasado, pagándose a Mencía a unha media de 1'20 € o quilo. Ademais de minimizarse os problemas sanitarios, as boas condicións climáticas favoreceron un bo grao e acidez nas uvas.

MONTERREI

Este ano, a vendima na denominación de orixe Monterrei foi iniciada oficialmente pola adega dun afiliado histórico do Sindicato Labrego, Francisco Pérez Diéguez, o Xico de Mandín, que rexenta Couto Mixto. Nesta zona, a colleita foi de 5'6 millóns de quilos, algo superior á do ano pasado, na que se batera o récord de produción. Unha das razóns deste aumento débese a que, a comezos de ano, Medio Rural autorizou modificar o regulamento da denominación, permitíndose un incremento nos rendementos até 74 litros de mosto por cada 100 quilos de uva vendimada; e de 12.000 quilos por hectárea para as variedades brancas e tintas autorizadas, e 11.000 e 10.000 respectivamente para as brancas e tintas preferentes.

Como no resto de Galiza, este ano as condicións climáticas foron boas. Segundo nos comentou o propio Xico, os prezos mantivéronse estables con respecto ao ano pasado, con medias de 90 céntimos por quilo para as castes de referencia desta denominación de orixe como Mencía, Araúxo, Verdello e Treixadura. Houbo casos puntuais en que a Verdello chegou a pagarse a 1 euro, pero foron os menos.

VALDEORRAS

Valdeorras foi unha das denominacións de orixe na que máis se incrementou a produción con respecto ao ano pasado: case 6'8 millóns de quilos, o que supón un aumento de máis do 45%. Isto débese a que, na campaña pasada, perdérase boa parte da colleita polas adversidades climáticas. Da uva de referencia en Valdeorras, a Godello, apañáronse 3'5 millóns de quilos. Os prezos caeron con respecto ao ano pasado. O noso vocal no consello regulador, Antonio García Fernández comentounos que é normal esta caída, xa que na anterior campaña aumentou moito a cotización debido á escaseza de uva. Desta vez, os prezos da Godello estiveron entre 1'40 e 1'70 euros; mentres que a Mencía, da que se recolleron 1'8 millóns de quilos, pagouse sobre 1 euro de media. Tamén, nesta zona, as condicións climáticas benignas incidiron na boa calidade final da uva e no alongamento da vendima durante dous meses.

SEGUE ▸

No Ribeiro, varias adegas aproveitan a uva fóra de cupo para pagar prezos miserables

No Ribeiro a colleita foi de 11,8 millóns de quilos, o que supón un incremento importante con respecto ás vendimas de 2018 e 2017. Isto debeuse, sobre todo, a que as condicións climatolóxicas que en anos pasados fixeron minguar moito a produción, este ano foron moi boas, o que incidiu positivamente no estado sanitario e desenvolvemento dos acios. Tamén hai que ter en conta que este é o segundo ano no que funciona o novo regulamento, que hai dous anos baixou os rendementos por hectárea e actualizou o rexistro vitícola, caendo de 1.700 a 1.400 viticultores e viticultoras.

O responsábel do sector do Viño no SLG, Bernardo Estévez, que traballa no Ribeiro, explicounos que isto trouxo como consecuencia "*un problema de adecuación dos viticultores e viticultoras, xa que moit@s pasáronse de rendementos e, en teoría, esa uva que non entra no cupo non se podería vendimar para a vender na denominación de orixe*". Porén, houbo casos de adegas que mercaron esta uva de exceso igualmente, pero pagándoa a un prezo ridículo de 30 céntimos, aproveitándose da situación, en teoría para facer viño de mesa fóra da DO. Na uva que si entrou nos cupos da denominación de orixe, os prezos tiveron un incremento lixeiro do 10% con respecto ao ano pasado, segundo o consello regulador. **FIN ■**



TERRA AGRARIA ▸ Tivo lugar en Santa Cruz de Tenerife, do 24 ao 26 de outubro, xunto co primeiro Congreso de Sistemas Agrarios Tradicionais

Intervegas celebra o seu quinto encontro en defensa do solo agrario

O Sindicato Labrego Galego forma parte desta rede que está a traballar nunha lei de protección da terra agraria no Estado



Tenerife acolleu, do 24 ao 26 de outubro, a celebración do I Congreso de Sistemas Agrarios Tradicionais e as V Xornadas Intervegas, ambos eventos cunha clara vontade de articular accións para garantir a defensa e conservación do solo agrario. O SLG forma parte de Intervegas dende a súa fundación e, neste evento, estivo representado polo técnico Andrés Castro.

O programa comezou cun obradoiro sobre directrices de ordenación do solo agrario, que estivo centrado no caso das Illas Canarias, un claro exemplo do que non se debe facer. O arquipélago canario sofre unha forte presión urbanística por mor do turismo. De aí que só se cultive o 6'2% da superficie total das illas, a mesma cantidade de superficie urbanizada (6%). "*O selado dos solos é o maior problema*", recorda Andrés Castro "*xa que construír edificios ou estradas en solos de uso agrario, botando cemento ou asfaltando, supón a morte desa terra e a súa imposible recuperación como superficie agraria*"

As estimacións apuntan a que, nas Illas Canarias, se perdeu o 53% do solo agrario sen posibilidade de recuperación. E isto aconteceu porque os plans de ordenación do territorio foron feitos por estudos de arquitectura cunha visión totalmente urbanista e sen ter en conta as particularidades das zonas rurais e das súas necesidades.

Tanto no Congreso como no Encontro, a cuestión fundamental na que se traballou foi, precisamente, na protección dos sistemas agrarios tradicionais, non só dende o punto de vista produtivista, senón tamén dos coñecementos, saberes e manexos asociados a esas paisaxes agrarias que a agroindustria está a exterminar.

A protección dos sistemas agrarios tradicionais non é só unha cuestión ambiental, tamén é unha cuestión social e económica. Neste senso, xa a Unesco, en 1992, estableceu as "paisaxes culturais", territorios nos que a paisaxe se mantivo grazas a unha cultura agraria e a unha forma de facer dos labregos e das labregas que o habitaban. Hoxe en día, a FAO fala de patrimonio agrícola que debe ser protexido e conservado mediante normas que protexan o solo e os seus usos.

Respecto disto, Andrés Castro engade que "*temos interiorizado os soutos decoutados do leste de Lugo, o cultivo do viño nos socalcos do Sil, os prados de rega de Ancares-Caurel, etcétera. Iso todo é patrimonio agrícola, froito do traballo e coñecemento das comunidades labregas que poboaron ese territorio e foron quen de entendelo e adaptarse a el*". Porén, todo isto está ameazado polos sistemas agroindustrias que se están a implantar.

Leis e financiamento da PAC para protexer o solo agrario tradicional

Unha maneira de conservar e protexer estas paisaxes podería ser a través do financiamento da PAC, "*pero teñen que ser os estados quen identifiquen e definan os solos agrarios tradicionais e aproben liñas de axuda baseándose en que estes sistemas axudan a mitigar o cambio climático e nos fai máis resilientes*", explica Castro.

Recentemente, Intervegas rexistrou no Congreso unha proposta lexislativa para protexer as paisaxes agrícolas históricas co fin de preservar o solo fértil da especulación. Porén, a disolución das Cortes Xerais por mor dunha nova convocatoria electoral impediu que saíse adiante un debate parlamentario necesario que agardemos se dea en 2020. Agora mesmo, a intención é volver facer entrega do texto lexislativo no Congreso, en canto haxa novo Parlamento; e entregaráselle tamén á Federación Española de Municipios e Provincias para que se adhiran os concellos que queiran.

MONTES ▸ Cada vez máis voces demandan que a xestión do monte responda, entre outros retos, aos da loita contra a crise polo cambio climático e o quecemento global

20-O: Multitudinaria manifestación de "Por un monte con futuro" en Compostela

Centos de persoas marcharon pola capital galega nunha convocatoria apoiada por máis de vinte organizacións e colectivos

O 20 de outubro, a plataforma Por un monte galego con futuro culminaba unha campaña de denuncia das políticas forestais e de xestión do monte da Xunta cunha multitudinaria manifestación en Compostela na que participou activamente o SLG, con Isabel Vilalba Seivane e Diego Sáchez Agra na faixa da cabeceira.

Na marcha de protesta, constatouse o reforzamento dunha demanda que cada vez está a ser reivindicada por unha maior parte da sociedade: a de orientar as políticas forestais de cara a enfrontar unha crise climática da que xa estamos a padecer efectos devastadores.

Neste contexto, o papel dos ecosistemas forestais vai resultar chave para mitigar os efectos do quecemento global, non só como reservas de carbono, senón tamén como fornecedores de servizos ecosistémicos como o mantemento da biodiversidade, a regulación do ciclo da auga, a fertilidade do solo, a capacidade de purificación da auga e do ar, a loita contra a erosión, etc.

Porén, no recente borrador da Estratexia Galega contra o Cambio Climático só interesa fixar máis carbono en máis madeira o máis rápido posíbel, o que potenciará o cultivo do eucalipto e doutras especies de crecemento rápido. A repoboación con estas especies tamén se ve favorecida polo Decreto 163/2014 do Estado español para a compensación e absorción de dióxido de carbono.

Pero unha plantación forestal non pode ser considerada un bosque, e menos se se trata de especies invasoras e de crecemento rápido que, como os eucaliptos, empobrecen o solo e diminúen a biodiversidade. Nin sequera contribúen a fixar carbono neto ao favorecer as cortas en ciclos curtos para queimar en plantas industriais de biomasa. Ademais, non debemos esquecer que o uso principal do eucalipto é unicamente o da súa transformación en pasta de papel na fábrica de Lourizán, sen pechar o ciclo produtivo. Esa transformación en pasta de papel provoca que todo o CO_2 previamente absorbido polas árbores sexa devolto incrementado á atmosfera, dando como resultado un efecto potenciador do proceso da mudanza climática. Malia a todo, o Plano Forestal que tramita a Xunta promove a ocupación de 35.000 hectáreas máis de eucalipto sobre un exceso de 300.000 hectáreas respecto á planificación anterior.





Comezo e remate da manifestación na Alameda e na praza de Praterías

Rexeitamos a proposta de revisión do Plan Forestal de Galiza da Xunta

As organizacións que estamos a traballar "Por un monte galego con futuro" consideramos que as Administracións galega e estatal deben apostar por unha planificación para o monte galego que teña en conta o actual contexto de perda acelerada de biodiversidade e dos efectos do cambio climático, pero que non debe utilizar este como escusa para seguir potenciando as repoboacións con eucaliptos e outras especies invasoras.

Na posta en valor do monte, de xeito multifuncional e sustentábel, ten incidencia a estrutura da súa titularidade. Recomendacións da FAO e da mesma Unión Europea indican que hai que camiñar cara a unha tenza máis xusta destas terras e cara á devolución destas ás colectividades locais. En Galiza, existe unha titularidade que xa cumpre estes preceptos, que son os montes veciñais en man común. Mais, o que fai o Partido Popular con este tipo de titularidade do monte é proceder á súa privatización.

Neste senso, pedimos a anulación da actual proposta de revisión do Plan Forestal de Galiza e a elaboración dun novo documento que parta de información actualizada sobre a situación do monte galego, dunha participación equilibrada de todos os axentes sociais, e que siga como principios reitores a diversidade de hábitats e especies, a multifuncionalidade de usos, o fomento do arborado autóctono, o mantemento dos servizos ecosistémicos, a non privatización dos montes veciñais, a creación de emprego e a sustentabilidade económica e social.

FAUNA SALVAXE ▸ O Sindicato Labrego solicitou unha xuntanza coa Consellaría de Medio Ambiente por considerar a medida como improvisada e sen base científica

A Xunta decreta a emerxencia cinexética e a caza libre de xabarís en catro comarcas

Seguen sen coñecerse estudos que avalen esta decisión que semella unha resposta ás toas en véspera de eleccións



O vicerresponsábel de Horta do SLG, Henrique Outes, foi o encargado de rexistrar o escrito na sede da Xunta de Galicia

O Sindicato Labrego Galego rexistrou, o 9 de outubro, un escrito no que solicitaba unha xuntanza con responsábeis da Consellaría de Medio Ambiente para falar da declaración de emerxencia cinexética e a apertura permanente da veda de caza ao xabaril nas comarcas de Viana, Deza, Betanzos, Eume e Terra Chá, confirmada a comezos de outubro coa súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Esta medida, anunciada por Medio Ambiente a comezos de outubro, provocou o rexeitamento tanto de colectivos de cazadores, como de ecoloxistas e das propias organizacións agrarias. O obxectivo da xuntanza solicitada sería o de buscar unha solución realista a un gravísimo problema que ameaza as actividades agrogandeiras e o equilibrio ecolóxico da fauna salvaxe.

O documento foi presentado no Rexistro Xeral da Xunta, en Compostela, polo vicerresponsábel de Horta do SLG, Henrique Outes, por ser este, xunto co de vacún, un do sectores agrogandeiros máis castigados polos ataques dos xabarís. Ao peche deste Fouce, a Consellaría de Medio Ambiente seguía sen contestar o noso requerimento.

Para o Sindicato Labrego Galego, calquera decisión que se tome nesta polémica cuestión debe partir do consenso dos diversos axentes implicados e basearse en estudos científicos que avalen a estratexia a desenvolver. Pola contra, deixar toda a responsabilidade do control poboacional do xabaril á libre vontade dos tecores (territorios cinexeticamente ordenados), sen ter coñecemento de ningún informe solvente que avale tal decisión, parécenos pura improvisación e unha clara evasión de responsabilidades posiblemente forzadas pola inminencia dunha nova cita electoral o 10 de novembro.

Na xuntanza solicitada, dende o SLG agardamos que a Consellaría de Medio Ambiente nos dea a coñecer, se os houbese, os estudos e informes nos que baseou a súa decisión; que lles forzou a adoptar esta maneira de solucionar o problema, precisamente, e non outra; e, en caso de haber outras vías de control menos polémicas e, posiblemente, máis efectivas, dialogar e tentar acadar consensos sobre as medidas a tomar para facer un control efectivo da fauna salvaxe na Galiza de cara a garantir, cando menos, a convivencia entre as actividades agrogandeiras e a biodiversidade.

Autorízase a caza por espera ás persoas donas de terras atacadas

A resolución do Diario Oficial de Galicia declarou a emerxencia cinexética en 33 concellos, 76 territorios cinexeticamente ordenados (tecores), dez zonas libres e case medio millón de hectáreas (Betanzos-Eume,121.550 ha; Terra Chá, 182.310; Viana, 74.630; e Deza, 102.680).

Neste territorio, permítese abater xabarís sen límite e de ambos sexos durante o período hábil de caza (até o 29 de febreiro de 2020). Ademais, poderanse cazar todos os días da semana, agás nas denominadas "zonas libres", que teñen algunha limitación dos días de caza posibles. O único requisito para cazar será comunicalo con dez días de antelación.

Tamén se permitirá que as persoas propietarias de terreos afectados por ataques de xabaril poidan realizar, ou facéndolle o encargo a terceiros terceiros, esas cazas á espera previa solicitude e acreditando os danos.

MONTES ▸ Os contidos do III Festival Son Labreg@ estiveron centrados na xestión do monte galego, especialmente dende unha perspectiva ecofeminista. Con dúas palestras, abordouse esta cuestión dende un punto de vista máis práctico pola mañá, a través da exposición de diversos proxectos produtivos; mentres que pola tarde se reflexionou ao redor deste tema dende varias ópticas: histórica, filosófica, sociolóxica, ambiental, etc. De seguido, damos conta da primeira das palestras nestas páxinas.

Voces que avalan unha xestión do monte alternativa e necesaria

Antes de entrar a fondo cos proxectos produtivos, o coordinador de Montes do SLG, Diego Sánchez Agra, fixo unha introdución para definir cal é o modelo de xestión do monte que defende a nosa organización. Facendo memoria, recordou que "*o monte estaba integrado no sistema agrario, utilizábase para facer a cama do gando, tamén se sementaba toxo, cultivábase cereal e facíase pastoreo, cultivo de castañas e outros froitos, e mesmo mantíñanse sistemas extractivos sostibles: pedra, lousa e madeira para construción. O monte era a base do sustento da vida familiar no medio rural e daba lugar a unha paisaxe de mosaico que hoxe se perdeu co cultivo de masas arboradas continuas*".

Todo isto mudou cando o Estado comezou a usurpar o monte para promover repoboacións forestais, especialmente co franquismo "*expulsándose á xente e negándolles o seu medio de vida, xa que era indispensable para o mundo agrario*".


Diego Sánchez Agra durante a súa intervención no III Festival Son Labreg@

A chegada do eucalipto

O resultado de todas estas políticas xa o coñecemos: Coa chegada de Ence, comezaron a predominar as plantacións forestais de ciclo curto con eucaliptos, destruíuse todo o tecido industrial existente en torno á madeira e o monte abandonouse, virando de costas á sociedade e quedando de pasto para os lumes forestais.

Nin sequera esa explotación intensiva se está a facer ben, xa que "*plántase eucalipto en lugares non propicios para o seu desenvolvemento, polo que lle afectan tanto as pragas ou as xeadas. De feito, gran parte das plantacións de eucalipto na Galiza non son viables*".

Para o coordinador de Montes do SLG, é necesario volver ao monte e traballalo, dándolle múltiples usos como antano e evitando, así, que os incendios forestais sexan tan virulentos e frecuentes coma hoxe en día. Mesmo dende un punto de vista produtivista, poderiamos producir materia prima para Ence a partir de bidueiros e non eucaliptos: aínda que non dan tanta celulosa, a súa integración nos nosos ecosistemas non tería tanto impacto. Porén, o que temos é o monte abandonado e pesimamente xestionado dende un punto de vista meramente produtivista.

Pola súa banda, o SLG aposta por unha visión multifuncional do monte e pola súa integración de novo na sociedade. Precisamente, en defensa deste modelo de monte o Sindicato Labrego Galego teceu alianzas como a plataforma Por un monte galego con futuro, que o 20 de outubro fixo unha manifestación en Compostela en demanda dunha viraxe radical nas políticas forestais e de xestión do monte na terra.



XOSÉ MANUEL IGLESIAS ▸
CCMM de Carballo (Friol)

O primeiro dos proxectos presentados foi o da Comunidade de Montes de Carballo, en Friol (Lugo). Xosé Manuel Iglesias, que foi o seu presidente até hai uns meses, fixo unha exposición de como fixeron das 690 hectáreas que xestionan un amplo mosaico de funcionalidades, sempre en beneficio da veciñanza, e a pesares de estar ocupadas na maior parte por plantacións forestais.

Destas terras, 90 hectáreas son de pasteiros para as granxas de vacún da parroquia. Aproveitando as propias masas forestais, crían distintos tipos de gando en réxime silvopastoril.

Destinan 270 hectáreas á cría de cabalo de raza galega divididas en tres unidades para facer rotacións. Tamén teñen porco celta e cabuxas, estas últimas para facer desbroces. A maiores, coidan un apiario con trinta colmeas e certifican cogomelos en ecolóxico. En canto aos terreos puramente forestais, a maioría están plantados con piñeiros, aínda que agora apostan polas frondosas autóctonas.

Todo este proxecto de diversificación comezou hai doce anos e está a ter unha gran transcendencia social na parroquia con actividades como a rapa das bestas, cursos formativos, rotas de sendeirismo, etc. Esta dinamización faise a través da asociación cultural Carballo Vivo. **SEGUE** ▸



DORA CABALEIRO E LUZ ROSSEL
▸ Cooperativa Ribeiregas

Tamén falaron da súa experiencia en Vilar de Ernes (Negueira de Muñiz) Dora Cabaleiro e Luz Rossel, que forman a Cooperativa Ribeiregas, da que xa demos conta nos números 297 e 314 do Fouce. Nesta ocasión, Dora e Luz centráronse en falar como foi a súa relación co monte nas últimas décadas.

Dora lembrou que chegou a Ernes en 1999 e "*aos dous anos tivemos o noso primeiro xuízo polo monte porque os propietarios das casas querían privatizalo. Conseguimos frear a especulación e a privatización e o monte segue a ser da veciñanza*".

Luz recordou que no ano 1994 xa privatizaran o monte desta parroquia. Hoxe en día, unha das súas apostas é incrementar a presenza e reforzar a toma de decisións das mulleres nas comunidades de montes de Foxo e Vilar.

No plano produtivo, Dora Cabaleiro utilizou durante varios anos o monte comunal para criar ovellas e cabuxas, pero a convivencia co lobo e un pésimo sistema de axudas para compensar as perdas polos ataques fixo imposible a continuidade da gandería para ela, que se decantou pola horta e a fruticultura. Agora mesmo, os usos que lle dan ao monte teñen que ver coa roza de toxo para facer abono ou o cultivo de patacas nas brañas.

GEMMA SAMPEDRO ▸
Cabuxa Natur

Gemma naceu en Barcelona sen ter ningún vínculo co rural e, tras afincarse en Lugo en 1994, estudou Enxeñería Forestal. Nunca se lle pasou pola cabeza ser gandeira até que, en 2003, súa nai herdou uns bens dos que ninguén na familia quixo saber nada e se fixeron cargo deles.

Despois viría o seu idilio coas cabuxas e até hoxe. Gemma xa leva nove anos á fronte do proxecto Cabuxa Natur, unha granxa de caprino que actualmente traballa con 260 reprodutoras -cen das cales son de raza galega- e que está inscrita no Craega. Manexa 50 hectáreas, das cales 34 son de pasteiros e o resto terreos forestais. Ademais, tamén pode facer pastoreo nun monte comunal veciño de 2.000 hectáreas.

Gemma apostou por unha sorte de autosuficiencia e non merca insumos nin gando fóra. Ela mesma selecciona reprodutoras para facer recría e a alimentación é toda en base aos propios pasteiros. Cando escasea o pasto, simplemente aumenta o tempo de pastoreo.

Un dos seus máximos problemas son os ataques do lobo, o que lle obrigou a pechar a propiedade con 7 quilómetros de valado cinexético con cinco fíos de electricidade e mastíns. Neste senso, en 2018 tivo 45 baixas e o último ataque sufriuno en setembro de 2018.





DAVIDE RODRÍGUEZ ▸
Amarelante

Davide Rodríguez contounos a experiencia de Amarelante, da que xa demos conta no Fouce 314. Davide lembrou as orixes desta cooperativa integrada por dez persoas que naceu para darlle valor aos soutos abandonados de Manzaneda. "*Trátase dun recurso que, só na Galiza, move máis de 100 millóns de euros nun ano normal de colleita. Galiza produce o dobre de castaña có resto do Estado e é a única comunidade con IXP, con entre 38.000 e 43.000 hectáreas de soutos".*

Respecto á rendibilidade económica, explicou que *"hoxe, unha hectárea de eucaliptos, coa corta aos 15 anos, dá uns 300 euros por ano. Un souto ben xestionado, plantado cun marco de 10x10, pode dar 12.000 ou 13.000 € por hectárea e ano. A rendibilidade está fóra de discusión*".

Dende este punto de vista, cuestionou o grave desequilibrio que supón termos 500.000 ha. de eucalipto fronte a 40.000 de castiñeiros.

Amarelante xestiona máis de 700 castiñeiros, todos en soutos alugados, e procesa 170 toneladas de castaña anuais ocupándose de todo o ciclo produtivo: apañar os froitos, pesado, peneirado, secado, moenda para facer fariña e comercialización.

Hoxe, Amarelante mantén 1'5 postos de traballo, aínda que xa xera recursos para custear tres.


JOAM EVANS ▸ Comunidade de Montes de Froxán (Lousame)

Os montes de Froxán sufriron a usurpación do Estado, até que foron devoltos á veciñanza en 1977, e o impacto da minaría coa explotación de San Finx.

Porén, estes non foron obstáculos para que as cinco casas, con 19 veciños e veciñas, que teñen dereitos sobre as cen hectáreas dos montes de Froxán, decidisen levar a cabo unha xestión exemplar que lles valeu a inclusión como Área Conservada por Pobos Indíxenas e Comunidades Locais nun rexistro da ONU.

Tras este recoñecemento hai ideas como non sentirse monte veciñal en mancomún, senón "*unha comunidade veciñal*". Joam Evans explicou que "*os montes veciñais en mancomún, tal e como se entenden hoxe, son froito da usurpación do século pasado. Pero, antes diso, comunal non era só o monte. Tamén eran comunais os fornos, os muíños, o gando colectivo, as axudas, a solidariedade, os coidados, etc. Esa é tamén unha parte importante do comunal, pero devolvéronnos só unha parte diso baixo a lóxica do produtivismo da madeira".*

En Froxán, comezaron a cuestionar esta visión tralos incendios de 2006 e 2016. "*Vimos que era necesario dar prioridade á vida da comunidade, fronte ao produtivismo, polo que traballamos en eliminar eucaliptos e plantar bosque nativo*". **FIN ■**



Solidaridad Intergeneracional e Sindicato Labrego Galego colaboran para mellorar a calidade de vida do medio rural

Co financiamento da Xunta de Galicia a través do 0'7% do IRPF, Solidaridad Intergeneracional, asociación de persoas maiores e familiares, co apoio inestimable do Sindicato Labrego Galego, continúa o labor desenvolto en anos anteriores e, en 2019, realiza un programa de interese xeral e social no medio rural, achegando información, formación e intervención profesional domiciliaria e de proximidade co único propósito de mellorar a calidade de vida das persoas que precisan apoio.



Durante estes meses de traballo, estanse levando a cabo xornadas informativas sobre temas relacionados co envellecemento, a dependencia, os coidados familiares, o proxecto de vida, o bo trato, a corresponsabilidade nos coidados, o autocoidado, xunto con obradoiros de Envellecemento Activo que promoven o mantemento de habilidades e destrezas das persoas maiores e axudan a atrasar a aparición de déficits asociados ao envellecemento non patolóxico, así como cursos de formación básica para persoas voluntarias co obxectivo de crear unha rede veciñal para substituír o acompañamento do coidador ou coidadora familiar de persoas dependentes.

Outros servizos prestados son os de atención psicolóxica, fisioterapia, acompañamento e respiro familiar e asesoramento e valoración para a adaptación da vivenda, que están tendo grande acollida por parte dos usuarios e das usuarias.

Os servizos estanse realizando nas provincias de Ourense e Pontevedra, concretamente en Carballeda de Avia, Melón, Ribadavia, San Mamede, Cuntis, Magán, Teaño, Vide de Miño, Castrelo de Miño, etc., acadando así que un número importante de persoas maiores do medio rural galego, dependentes e as súas familias coidadoras accedan a estes servizos de proximidade, de maneira gratuíta co financiamento da Xunta de Galicia e o apoio da administración local.

Máis información en www.efamilia.es ou en www.solidaridadintergeneracional.es
A través do correo electrónico sigalicia@solidaridadintergeneracional.es e o teléfono 900 101 332

Realiza: Solidaridad Intergeneracional

Colabora: sindicato labrego galego comisións labregas

Financia: XUNTA DE GALICIA


Ramón Yoshimura

MEMORIA ▸ A bisbarra segue ameazada por varios proxectos empresariais que foron denunciados pola Rede de Plataformas Medioambientais Compostela-Ulla-Tambre

III Marcha das Encrobas por un futuro digno para o medio ambiente e a veciñanza

A aldea de Lousa acolleu este acto pola memoria no que se combinaron música, poesía, lecer e reivindicacións

Máis de 200 persoas participaron, o 29 de setembro, na III Marcha pola Memoria das Encrobas, un encontro lúdico-reivindicativo organizado pola veciñanza en conmemoración das loitas labregas contra a ocupación das terras por parte dunha Unión Fenosa que, en 1977, comezou a escavar o val das Encrobas para convertelo nunha mina de carbón a ceo aberto para fornecer a central térmica de Meirama. 42 anos despois dos primeiros enfrontamentos entre o pobo das Encrobas e a Garda Civil, veciños e veciñas xunto a xente chegada de diferentes puntos da xeografía galega reuníronse, unha vez máis -desta vez na aldea de Lousa-, a carón da central térmica.

No acto, interviron poetas como Laura Rei Pasandín, Ramiro Vidal ou Patricia Cambón; e tamén persoas da parroquia leron textos de María Rodríguez, veciña de Betanzos e natural das Encrobas.

A parte musical puxéronna Xosé Luís Rivas (Mini), Zeltia Irevire e Peter Brea, así como as pandereteiras das Encrobas, agrupacións musicais da Pontraga, o Reverendo Can e os Gaiteiros de San Martiño. Tamén se leu un texto da escritora Emma Pedreira.

Na parte máis reivindicativa e mirando o futuro, houbo tempo para que membros da Rede de Plataformas Medioambientais Compostela-Ulla-Tambre reclamaran aire, auga e terra limpas e respecto para un rural galego afectado por unha grande cantidade de proxectos agresivos (megaminería, eólicos, vertedoiros irregulares, etc) que poderían poñer en perigo a saúde das persoas e o futuro económico e social de diversas comarcas galegas.

A veciñanza teme unha planta de biogás tralo peche de Meirama

Tamén se abriu un debate sobre os espazos mineiros e a súa recuperación para o futuro uso público e social. Así, amosouse a preocupación ante a posibilidade de que na área que hoxe ocupa a térmica de Meirama se instale unha macroplanta de biogás e reclamouse que os terreos da antiga mina, unha vez peche e se desmantele a central térmica, sexan devoltos en condicións óptimas para uso público e para realizar actividades sustentables, respectuosas co medio ambiente e coa veciñanza, que leva demasiados anos padecendo todo tipo de agravios e contaminación pola actividade industrial.

As persoas participantes consideraron fundamental lembrar as ocupacións e como se vivía na aldea antes de que se levasen a cabo as expropiacións, e reclamaron que siga viva a loita polos dereitos da xente da Lousa. Diante da incerteza do que pasará tras o peche da térmica e a ameaza de novos proxectos industriais, a veciñanza teme novas agresións nesta comarca que xa é considerada pola plataforma Salvemos a Comarca de Ordes como un "territorio de sacrificio".

EÓLICOS ▸ A empresa Fergo Galicia Vento pretendía levar adiante un proxecto cunha Declaración de Impacto Ambiental obsoleta e moi deficiente que data de 2005

O SLG apoia a loita contra a construción dun parque eólico na Serra do Iribio

Formamos parte da Plataforma Salvemos O Iribio, integrada por unha trintena de colectivos sociais e ecoloxistas



Por orde o TSXG, a empresa viuse na obriga de retirar a maquinaria coa que xa estaba a causar estragos na Serra do Iribio

A Serra do Iribio atópase entre Samos e Triacastela e atesoura un riquísimo patrimonio etnográfico, cultural e ecolóxico que, agora mesmo, está a ser ameazado pola construción dun parque eólico con oito aeroxeneradores con máis de 150 metros de altura e unha liña de alta tensión promovidos pola empresa Fergo Galicia Vento.

Contra este atentado cheo de irregularidades administrativas e ilegalidades, constituíuse a Plataforma Salvemos O Iribio, da que forman parte, ademais do Sindicato Labrego Galego, unha trintena de colectivos sociais, ecoloxistas e culturais.

Para mergullar nas orixes deste proxecto enerxético, teriamos que remontarnos ao ano 2005, cando en San Caetano o Goberno de Fraga Iribarne estaba a facer as maletas para deixar a Xunta en mans do bipartito BNG-PSOE. Xusto ao rematar o período de exposición pública, fíxose nun só día a declaración de impacto ambiental (DIA) e se aprobou ás carreiras antes de facerse efectivo o traspaso de poderes. Aquela declaración de impacto ambiental de hai 14 anos, totalmente obsoleta e á que lle concederon unha prórroga en 2013, foi na que se baseou a aprobación final do proxecto, o pasado 14 de agosto, a poucos meses de que volvese caducar.

Este é un dos feitos máis graves que denunciamos dende a Plataforma Salvemos O Iribio, xa que esa DIA non contemplaba a existencia de especies protexidas en perigo de extinción que terían paralizado o proxecto, coma o oso pardo ou a aguia real. Ademais, o Plan Director da Rede Natura, na que se inclúe a Serra do Iribio, prohibe construír parques eólicos nestes espazos protexidos.

✓ Enclave protexido de alto valor ecolóxico e cultural

Cómpre ter en conta que a Serra do Iribio forma parte da Zona de Especial Conservación (ZEC) Ancares-Courel, da Rede Natura 2000 e sitúase dentro do BIC Camiño de Santiago Francés. Ademais, está incluída na proposta de declaración de Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Iribio e O Courel.

Están a ser tantas as présas, que Fergo Galicia Vento comezou as obras do parque en maio, cando o proxecto estaba aínda sen aprobar. Quen asinou a aprobación definitiva do parque eólico foi un vello coñecido dos colectivos que loitamos contra a minaría na Galiza: Ángel Bernardo Tahoces, director xeral de Enerxía e Minas actualmente imputado por prevaricación.

De feito, as obras tiveron que ser paradas cautelarmente pola Xunta mentres non se aprobou definitivamente o proxecto. Aínda así, a empresa estivo abrindo impunemente pistas que non estaban no proxecto, destruíndo hábitats protexidos.

O Tribunal Superior obriga a paralizar cautelarmente as obras

Ao final, foi o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza o que tivo que obrigar á Xunta e a Fergo Galicia Vento a recuar, xa que, a finais de outubro, ditaba un auto co que suspendía cautelarmente o acordo do Goberno de Núñez Feijóo co que se autorizaba o proxecto. O auto xudicial obriga a paralizar as obras "*mentres non se actualice a declaración de impacto ambiental do ano 2005 e se xustifique a prevalencia do uso pretendido pola Xunta ao aprobar o proxecto industrial*".

Diante deste auto, dende a Plataforma Salvemos O Iribio presentamos unha solicitude á Consellaría de Industria e aos concellos de Samos e Triacastela para que ordenen a paralización inmediata das obras. Finalmente, tanto Industria, como os concellos de Samos e Triacastela, apandaron coa solicitude da plataforma e coa resolución xudicial, suspendendo as licenzas pertinentes e ordenando a paralización das obras. Ao pouco, tivemos constancia do acatamento da paralización coa retirada da maquinaria pesada que estaba a destruír este enclave de alto valor ecolóxico e cultural.

MINARÍA ▸ A Comisión contra as Minas na Terra Chá fala de escavacións que esta empresa fixo en Castro de Rei e Abadín sen coñecérselle ningún permiso ou licenza

Denuncian o inicio presuntamente ilegal de actividades extractivas de Erimsa

Esta plataforma contra os proxectos mineiros na bisbarra chairega conseguiu a implicación dos alcaldes na súa loita





Dúas imaxes que resumen o rexurdimento do conflito contra Erimsa na Terra Chá: arriba, xuntanza da Comisión contra as Minas o 7 de outubro; abaixo, rolda de prensa dos catro alcaldes o 18 de outubro

A Comisión contra as Minas da Terra Chá, integrada por máis dunha vintena de colectivos, mantivo, o 7 de outubro, unha xuntanza tras constatar o inicio de actividades por parte da empresa Erimsa en Castro de Rei e Abadín. A esta reunión asistiron a nosa coordinadora na Terra Chá, Margarida Prieto Ledo, e os avogados do gabinete xurídico do SLG, Xosé Pérez Rei e Ramón Barreiro Carnota.

Nun comunicado, a Comisión denunciou non ter constancia "*de que esta mineira de capital noruegués e chinés teña título ou habilitación xurídica suficientes como para iniciar a súa actividade en ningunha das concesións aprobadas para extraer seixo en 2006 e que afectan 5.700 hectáreas nos concellos de Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza, Abadín, Vilalba e Riotorto. De feito, tras máis de dez anos de loita, dacabalo dos anos 2012 e 2013, Erimsa perdeu os cinco recursos contencioso-administrativos que interpuxo contra os concellos de Castro de Rei, Cospeito e A Pastoriza. Nese mesmo período, a Erimsa denegáronlle as licenzas os concellos, previa denegación da autorización autonómica*".

Diante destes antecedentes, dende a Comisión cualificaron "*de extrema gravidade*" que Erimsa inicie a súa actividade extractiva na Terra Chá, cometendo así unha posible ilegalidade. Por iso, convocaron os alcaldes dos concellos afectados a unha xuntanza que se celebrou o 11 de outubro para intercambiar datos e facer unha análise da situación para acordar pasos a dar conxuntamente a veciñanza e os representantes municipais. A intención deste entendemento sería paralizar esta actividade mineira totalmente incompatible coa economía agraria e gandeira existente nos concellos afectados, tal e como recoñeceu a propia Xunta de Galicia nos seus informes

Os gobernos municipais contra as actividades mineiras na comarca

Unha semana despois, o 18 de outubro, os alcaldes de Abadín, Castro de Rei, Cospeito e A Pastoriza ofreceron unha rolda de prensa para apoiar as demandas da Comisión contra as Minas e expresar a súa oposición á actividade mineira de Erimsa. Os alcaldes defenderon cun comunicado a vocación eminentemente agrogandeira da bisbarra, cun altísimo potencial e un forte tecido económico-social ao seu arredor, pero que tamén ten debilidades, como o acceso á terra das granxas. Por iso, defenderon a súa obriga de "*impulsar políticas que estimulen un maior acceso a base territorial das explotacións e, ao mesmo tempo, impedir a degradación dos nosos solos con proxectos e actividades que vaian en detrimento deste obxectivo*".

Mais esta realidade e estas intencións políticas baten coas actividades extractivas: "*A nosa postura contraria á actividade extractiva de Erimsa non é un capricho e, moito menos, se basea no desexo de ir contra esta ou aqueloutra empresa. A nosa oposición é un exercicio de responsabilidade, xa que os seus proxectos de explotación, que agora pretende levar a cabo, entendemos afectan bens importantes e causarían importantes impactos*". Entre estes impactos, destacaron a imposible reposición do solo orixinal trala extracción de seixo, o aumento de risco de asolagamentos ou a afectación do dominio público hidráulico.

VIÑO ▸ Só en 2018, a nosa denominación de orixe máis exportadora vendeulle ao país norteamericano e ao Reino Unido case catro millóns de botellas de viño

Rías Baixas será a DO máis afectada polos aranceis de Estados Unidos

As taxas que impón o goberno de Trump dende o 18 de outubro poderían verse agravadas polo Brexit británico



Este outono comezou cun anuncio do polémico presidente dos Estados Unidos, Donald Trump, que fixo tremer varios sectores agrarios do Estado: a imposición de aranceis (taxas) ás exportacións alimentarias da Unión Europea aos Estados Unidos a partir do 18 de outubro. Estas taxas son do 25% sobre o valor do produto. Como adoita acontecer nestes conflitos, os sectores agroalimentarios ven-se prexudicados por un litixio que non ten nada que ver coa alimentación; neste caso, a competencia entre as compañías aeronáuticas Boeing e Airbus.

Un dos produtos máis afectados é o viño. O sector vitivinícola español vendeulle a EEUU mercadoría por valor de 301 millóns de euros no último ano contabilizado (de agosto de 2018 a xullo de 2019).

Se falamos só de Galiza, as nosas cinco denominacións de orixe exportaron 20 millóns de litros por valor de 45 millóns de euros, acadando un prezo medio de 2'21 € por litro, en 2018. Estas cifras supoñen un terzo das nosas exportacións de viño ao exterior.

A denominación de orixe máis prexudicada sería Rías Baixas: das 9.579.273 botellas que exportou en 2018 (máis de 7 millóns de litros), 3'8 millóns vendéronse en Estados Unidos e Reino Unido. Das 184 adegas adscritas a Rías Baixas, 103 teñen plans de exportación e, destas, a metade, aproximadamente, ten Estados Unidos entre os seus clientes.

Nas outras denominacións de orixe galegas as exportacións non son tan importantes, supoñendo ao redor dun 10% de media na totalidade das súas vendas.

Nos últimos anos, Galiza está apostando cada vez máis pola exportación, pasándose dos 17 millóns de euros en vendas do ano 2000, aos 50 millóns de 2017, que foi o ano que máis se exportou. A pesares destas cifras, Galiza está á cola das comunidades do estado en exportación de viños, ocupando o posto 12º en volume e o 13º en valor. A cousa cambia se falamos de viño branco, onde somos a terceira comunidade por tras de Castela e León e Cataluña.

Os principais destinos dos viños galegos na actualidade, ademais de Estados Unidos e o Reino Unido, son China e Canadá, onde as ventas acadaron 19'6 millóns de euros en 2019.

As exportacións fannos vulnerables e socavan a nosa soberanía alimentaria

Os aranceis farán que estes produtos que se exportan suban un 25% no seu prezo final, o que lles restará competitividade e provocará, previsiblemente, unha caída nas vendas. Isto non só afecta a grandes adegas. Hai pequenas empresas familiares que producen viño de calidade que non atopa mercado suficiente na Galiza ou no Estado por mor das nefastas políticas de promoción públicas, e que teñen en Estados Unidos un importante destino de comercialización.

Ademais de encarecer o prezo final e restarlle competividade fronte aos viños doutros países (Portugal e Italia non terán suba de aranceis), un problema engadido podería xurdir se todo ese viño que non se exporte a Estados Unidos ten que venderse nos nosos propios mercados, o cal podería saturar a oferta e facer caer os prezos.

De feito, esta opción é máis que probable. Grandes adegas como Ramón Bilbao ven moi difícil poder redirixir esas exportacións cara a outros países. Pensemos que en 2018, España exportou a Estados Unidos 90 millóns de litros e que unha parte dese volume haberá que recolocala a partir de agora noutros mercados.

Menos exportacións e máis soberanía

Esta crise provocada pola imposición de aranceis demostra que basear as vendas dun produto nas exportacións fai que sexamos moi vulnerables diante das decisións arbitrarias ou das políticas comerciais doutros países, decotío como danos colaterais en guerras comerciais nas que nada teñen que coa produción de alimentos.

Diante de episodios coma este, cabe preguntarse de que serven os millóns de euros gastados en subvencións á exportación cos que a Consellaría de de Medio Rural ou o Igape agasallaron a grandes adegas, cooperativas ou ao Consello Regulador de Rías Baixas; ou para que se traizoan os intereses de moitos dos nosos sectores agrogandeiros asinando tratados de libre comercio que, ademais de nefastos para o noso campo, semella que se poden vulnerar cando a un país lle peta.

O que está cada vez máis claro é que as nosas políticas deberían comezar a virar e basearse en conceptos como a soberanía alimentaria; en garantir, preferentemente, as nosas necesidades alimentarias coma pobo; e en fomentar o consumo interno das nosas produción.

DEREITOS LABREGOS ▸ La Vía Campesina defendeu o seu posicionamento diante do Consello Económico e Social da Unión Europea nunha conferencia pública

Folla de ruta da ECVC para facer realidade a Declaración de Dereitos Labregos

Deseñouse nun obradoiro de traballo en Bruxelas no que participaron Sonia Vidal Lamas e Ramón Barreiro Carnota

A Coordinadora Europea da Vía Campesina organizou en Bruxelas un obradoiro para traballar a Declaración dos Dereitos Labregos e, sobre todo, para deseñar estratexias e accións de cara a que sexan unha realidade. Outro dos obxectivos foi reforzar o Decenio da Agricultura Familiar da FAO. Neste encontro de traballo participaron, por parte do Sindicato Labrego Galego, Sonia Vidal Lamas e Ramón Barreiro Carnota.

Tras unha fin de semana de reflexión e debates, Vidal e Barreiro participaron no Comité Económico e Social Europeo da UE, nunha conferencia pública coa que se pretendeu "*comprobar como este instrumento de dereitos humanos pode axudar á subsistencia das poboacións labregas en Europa, contribuír á consecución plena da Axenda 2030 sobre Desenvolvemento Sostible así como ao Decenio das Nacións Unidas da Agricultura Familiar*".



Ramón Barreiro e Sonia Vidal antes de participar no Comité Económico e Social

En palabras de Ramona Duminicioiu "*a Declaración dos Dereitos Labregos ten o poder de reducir os conflitos sociais, a destrución da natureza e facer fronte á crise climática. Este instrumento non só dará poder aos labregos e ás labregas, senón tamén aos consumidores e ás consumidoras. Como labregos e labregas, vemos un vínculo claro entre o Decenio da Agricultura Familiar da FAO e a Declaración de Dereitos Labregos. Precisamos apoiar os actores que son parte da solución na serie de crises e problemas que enfrontamos na terra. As nosas prácticas agrícolas axudan a arrefriar o planeta e ao facelo respondemos ás demandas das xeracións máis novas*".

Por outra banda, sinalouse que o actual sistema de leis en Europa foi feito a medida do sector agroindustrial, ameazando o futuro da xente labrega e das comunidades rurais. Guy Kastler, tamén da Coordinadora Europea da Vía Campesina, denunciou como na UE, os dereitos labregos son violados polo sistema de dereitos de propiedade intelectual. "*Este último non só se beneficia do patrimonio das sementes labregas, senón que tamén o está a destruír, privatizándoo. O 98% das sementes foron tomadas gratuitamente das leiras labregas*".

LGTBIQ ▸ Celebrouse do 14 ao 19 de outubro organizado polo Movemento Sem Terra na Escola Florestan Fernandes

Unha labrega galega representou a Europa nun Encontro sobre Diversidade Sexual en Brasil

A Vía Campesina participou nun Curso sobre Diversidade Sexual organizado polo Movemento Sem Terra (MST), do 14 ao 19 de outubro, na Escola Nacional Florestan Fernandes (Guaranema, São Paulo) . Ao encontro asistiron activistas labreg@s LGTBI de diversos países do mundo e, en representación da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC), estivo unha labrega galega da Mariña, Montse Laia.

Montse interveu nunha palestra sobre identidade de xénero, diversidade sexual e como se están a afrontar estas cuestións dentro das organizacións agrarias. Xunto a ela, tamén participaron no debate Matheus Além do MPA (Movimentos dos Pequenos Agricultores), Noel Henrique da APIB (Articulação dos Povos Indígenas do Brasil), Gabriela do MAB (Movimento dos Atingidos Por Barragens) e Marina Santos, do MST.


Montse Laia, primeira pola dereita, participou na mesa en representación da ECVC

Pola súa banda, Montse Laia falou do Encontro Europeo LGTBI que acolleu o Sindicato Labrego Galego en Compostela, e explicou que "*a sociedade na que vivimos aínda é heteropatriarcal. As transformacións estruturais levan tempo, pero imos no camiño correcto. O noso obxectivo, dentro das nosos colectivos, movementos e organizacións, é organizar debates, formar e informar para que poidamos ter cada vez mellores actitudes que contribúan ao benestar xeral*".

ECOFEMINISMO E MONTE ▸ Dentro do programa do III Festival Son Labreg@, programouse unha palestra sobre monte e ecofeminismo na que participaron Paula Lubián e Celsa González para presentar "Árbores que non arden: as mulleres na prevención dos incendios forestais"; a historiadora e colaboradora do SLG, Lara Barros; e Isabel Vilalba e María Ferreiro. Da presentación do libro xa demos conta no anterior Fouce, polo que neste imos afondar no papel indispensable das mulleres no mundo rural e, en especial, en relación coa xestión dos montes veciñais ao longo da historia e, en especial, no último século.

A xestión tradicional do monte na Galiza ten un nome: Ecofeminismo

Quen se encargou de entrar en materia foi **Lara Barros**, que explicou que "*os montes comunais son un modelo de propiedade moi arraigado na nosa historia e que pasou por moitas fases ao longo dos séculos. Hoxe chega a nós no formato das comunidades de montes veciñais en mancomún, que temos grazas a unha loita moi forte que se deu no franquismo e que conseguiu que a propiedade volvese ás mans das comunidades veciñais, que a tiñan dende había séculos pero que perderon durante décadas*".

Barros relatou como xa antes do franquismo e, en especial, durante a ditadura, se realizou dende o Estado un proceso de usurpación do monte veciñal coa intención de mudar o modelo produtivo dende unha economía labrega autosustentada e orgánica cara a monocultivos forestais. "*Hoxe seguimos vivindo as consecuencias dese cambio de modelo - á explotación forestal intensiva*", recordou. "*Unha das maiores vagas migratorias na década dos sesenta na Galiza está relacionada directamente coa imposición deste modelo produtivo intensivo forestal, que lle quitaba territorio á xente e forzábaa a perecer ou emigrar*".



Lara Barros, segunda pola dereita, analizou o rol fundamental das mulleres ao longo da historia na xestión do monte comunal

Labregas na avangarda das loitas contra a usurpación dos montes polo franquismo

Nas loitas que se deron ao redor deste conflito, as mulleres tiveron un papel fundamental. Lara Barros enumerou numerosos enfrontamentos e accións contra as plantacións forestais do Estado protagonizas por mulleres, como en Trasmirás en 1953; no monte Inxerio en 1961; Xesteda, Cerceda, ou os montes de Vilar, Banza, Xende e Pedra Sancha en Outes, en 1962; ou os enfrontamentos coa Garda Civil en Mazaricos que remataron cun home morto. "*Todos estes casos demostran que as mulleres tiveron un papel fundamental na oposición e loita contra as repoboacións forestais forzosas, porque se xogaban o seu medio de vida, porque a economía famliar dependía do monte*".

Para a historiadora, "*non é casualidade que sexan as mulleres as que dean a batalla contra as repoboacións forestais e en contra dun modelo de explotación industrial. Hai unha construción de xénero á hora de pensar a comunidade, os modelos produtivos, a relación co territorio. Hai un choque entre un modelo reprodutivo, onde hai unha implicación e defensa das mulleres, e outro produtivista no que as mulleres desaparecen. Hoxe en día, a xestión das comunidades de montes adolece de masculinización (xuntas directivas, asembleas, etc. con peso masculino moi forte). A loita dos 60 foi importantísima porque conseguiu a devolución da propiedade, pero perdemos o uso dos montes. Nesas comunidades xa callara a lóxica produtivista, moitos seguiron consorciados e con proxectos forestalistas en monocultivo, moi industrializados. E iso ten que ver coa masculinización na xestión do monte. E hai unha serie de usos que se perderon que están moi relacionados coas mulleres, que foron expulsadas*".

SEGUE ▸

Unha economía reprodutiva e integral fronte ao monocultivo produtivista

Nesa maneira de entender a xestión do monte, ligada co ecofeminismo, afondaron **María Ferreiro** e Isabel Vilalba. Ferreiro comentou que "*a xente do rural vivían da gandería, da agricultura e do monte. Non había separación entre estes espazos. As mulleres sempre se encargaron da parte reprodutiva: conservación das sementes, coidado dos pequenos animais, cultivos a pequena escala para autoconsumo, venda de excedentes en feiras, transformacións alimentarias, etc. Todo isto, do mesmo xeito que o aproveitamento do monte, foi considerado traballo menor e foi invisibilizado ao non traducirse en termos monetarios*".

Recuperar esta maneira integral de entender a relación co territorio que o novo sistema produtivo desterrou sería un dos piares do ecofeminismo. O termo foi acuñado por Françoise d'Eaubonne en 1974, lembrou **Isabel Vilalba**. "*Naqueles anos nos que Françoise d'Eaubonne falaba de ecofeminismo, tiñamos as mulleres de Xove que loitaron contra a central nuclear e lograron parala, ou as mulleres das Encrobas que se enfrontaron á Garda Civil para defender as súas terras. Mágoa non ter a referencia das labregas que loitaron en Meirama para que non se destruíse todo aquel val riquísimo dende un punto de vista agrogandeiro e de biodiversidade. Hoxe deixaron como herdanza un gran burato estéril, cheo de auga probablemente tóxica*".

Para a secretaria xeral do SLG, cómpre "*apostar por un modelo baseado na vida e na sostibilidade. Non defendemos que as mulleres teñamos unha conexión maior coa natureza, pero historicamente si que estivemos máis apegadas á alimentación das nosas familias, a cultivos de pequena escala para as casas, e por iso tamén fomos atesourando as variedades locais, mantendo prácticas como as rotacións de cultivos, gardando saberes sobre os solos e o clima, etc. Cómpre poñer en valor todo ese coñecemento e pensar que igual son boas ferramentas para ese futuro mellor que queremos construír entre todos e todas*". **FIN ■**

FORMACIÓN ▸ SLG e Confederación Ceres levaron a seis concellos "Ferramentas innovadoras para unha economía rural con mulleres"

Apeiros para traballar o apoderamento das labregas

A actividade da Secretaría das Mulleres realizouse en Guitiriz, Betanzos, Lalín, Ribadeo, Lourenzá e Chantada







A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, xunto coa Confederación Ceres, organizou entre setembro e outubro seis xornadas formativas dirixidas a labregas en Guitiriz, Betanzos, Lalín, Lourenzá, Ribadeo e Chantada. En total, participaron unhas 200 mulleres que puideron coñecer a fondo e dialogar ao redor de cuestións como dereitos, a cotización á Seguridade Social ou a titularidade compartida.

No tema da titularidade compartida, por exemplo, repasouse como se conquistou a lei tras moitos anos de loita e en que estado se atopa a súa aplicación actualmente, con 609 mulleres que se acolleron en todo o Estado, sendo da Galiza só 18. As participantes compartiron os seus casos persoais, atopándose moitas con insuficientes anos cotizados para ter dereito a xubilarse e cunha perda patente de dereitos ao teren cotizado como axuda familiar.

En canto á Seguridade Social, reflexionouse sobre os datos que poñen de manifesto unha tremenda fenda de desigualdade entre labregos e labregas: mentres que o 80% chega á idade de xubilación con dereito a cobrar o 100% da pensión, só o 5% das profesionais da agricultura o conseguen (ver contraportada deste Fouce).

En Ribadeo, houbo un intercambio de experiencias entre mulleres de Asturies e Galiza que están a liderar proxectos profesionais ou traballando no apoderamento das mulleres no rural. Pola parte asturiana, participaron a Comunidade CultivArte, a granxa avícola ecolóxica Pita Sana e a Rede Feminista de Mulleres Rurais do Oeste de Asturies. E, pola banda galega, Sen Sucre, empresa de comida vegana impulsado por Inés López en Xermade; Argaia Biocosmética, obradoiro de cosméticos ecolóxicos feitos a partir de plantas medicinais en Alfoz, con Pamela Pardiñas; ou Clara Basanta, gandeira de Trabada que optou pola titularidade compartida para non ver minguados os seus dereitos laborais nin o seu recoñecemento profesional.

REHABILITAR O RURAL ▸ Sara Guerrero Alfaro é xornalista e encárgase do blogue "Rehabilitar o rural", que se publica no xornal O Salto. Define esta bitácora para a reflexión como "*un espazo literario que describe a vida social, cultural e política do rural galego, a través da estraña mirada dunha emigrante da gran cidade de México*". Sara vén de instalarse co seu compañeiro nunha casa que a familia deste abandonou hai trinta anos na aldea de Sabaxáns (Mondariz). O artigo que compartimos publicouse o 16 de outubro e fala da necesidade de recuperar e conservar as relacións de solidariedade entre a veciñanza como alternativa ao individualismo e egoísmo exacerbados que nos impón a cultura neoliberal e capitalista.

A comunidade no rural: a lóxica social do intercambio e outros xeitos de cohabitar

Ao contrario do que se adoita crer, o mundo rural galego é un exemplo importante de que outros modos de convivencia son posibles. A cooperación é o motor que move as relacións sociais a tal grao que substitúe certas prácticas capitalistas que criamos tan arraigadas e, por tanto, irreversibles.

Eu non sei se é unha idiosincrasia galega xeral ou se unicamente se trata dunha circunstancia que está supeditada ás condicións da vida de campo. So teño unha certeza: certo sector da economía no ámbito rural está ligado intimamente ás relacións sociais, e ningunha das dúas depende necesariamente dun intercambio monetario. Un dos grandes relatos xerais sobre a vida rural é que a súa poboación é vella, conservadora e de mente pechada. E enúnciase o relato de boca en boca, como se entre as xeracións existira unha terrible loita de superioridade moral, cuxas armas principais son o desprestixio e a consciente ignorancia de estilos de vida alternativos aos propios. Non podo negar que cando comecei a vivir nunha casa no medio do monte, cheguei un pouco influenciada por aqueles rumores. Porén, bastou unha semana para darme conta de que o capitalismo non conquistou todas as rexións do planeta.

Con emoción e esperanza, constatei que aínda hai moitas comunidades que se resisten á súa lóxica, aínda que algunhas o fagan de xeito parcial ou incluso inconsciente. Como intúo que é o caso da aldea galega á que cheguei a vivir.

* * *

Era verán e estaba soa na casa por primeira vez desde que cheguei a vivir a Galiza. Esperte e comecei a ordenar a casa cando escoitei que alguén chamaba á porta. Asomeime primeiro pola fiestra porque non esperaba a ninguén. A miña veciña Rosa, á que entón vira so un par de veces, traíame un cubo cheo de xudías, tomates e leitugas da súa horta. Recibino case coma se fose unha ofrenda.

Non pola súa actitude ou porque eu merecera ese presente, senón porque era algo prezado, produto de meses de traballo que non podía agradecer máis que mostrándolle respecto. Ela non lle deu tanta importancia e marchou.Cando pechei a porta escoitei ruídos na cociña. Camiñei lentamente cara aló e vin a Lourdes, ao seu marido Álvaro e ao seu irmán Roberto -todos eles veciños- entrando pola porta posterior con ferramentas nas mans. Sen llo pedir, aceitaron as portas de aluminio, regaláronme unha grella de butano, e Álvaro quedou toda a tarde reinstalando a vella cociña de ferro que caera polo abandono. Aínda estaba Álvaro loitando coa lama, cando Margarita e Carmen -máis veciñas- déronme un microondas. Foi a súa forma de cooperar na nosa travesía para poder volver facer habitable a casa. Os días foron pasando, Rosa seguía a traer cubos cheos de verduras case a diario, outras veciñas deixábanme ferramentas e axudábanme a limpar o xardín e a podar as plantas. Clemen, Carlos e Ricardo trouxeron unha neveira e unha lavadora que non utilizaban... Con cada atención, íame pondo máis nerviosa: Non tiña cartos nin nada que lles ofrecer en troco. Non foi ata que Margarita nos pediu o soporte dunha cama vella para cercar a leira, que fun intuíndo a lóxica do intercambio baixo a que se rexen as relacións na aldea. Porén, todo acontece de xeito moito máis claro na acción, na terra.

* * *

Todo o traballo de reprodución que se leva ao cabo no campo lógrase pola capacidade de cooperación. Ao longo do ano, as veciñas xúntanse para a tarefa que toque segundo indique a tempada: Botar ou cultivar as patacas, matar o porco, sulfatar, vendimar ou podar as viñas, preparar a zorza e encher os chourizos... Se alguén ve que unha veciña está a labrar, o normal é que a vaian axudar, incluso se non pediu axuda. Ás veces, se a tarefa foi longa, como agradecemento ofrécese un bocadillo. En casos como os da matanza do porco ou da vendima, que son prácticas que levan todo o día, é común que se preparen empanadas, tortillas ou se ase algo no forno para que todas as persoas que viñeron a axudar coman. Como é a maneira máis clásica de agradecer e o máximo que algunhas poden ofrecer, rechazar a oferta pode resultar un pouco descortés. Do mesmo xeito, se alguén precisa patacas para comer ou incluso un radiador eléctrico para o inverno, como foi o meu caso, pode adquirilas se alguén máis ten e sóbranlle. Sen cartos de por medio. Hoxe por ti, mañá por min. É palpábel que este tipo de intercambios e favores fomentan un tipo de relacións sociais moito máis complexas e profundas entre as veciñas da aldea, que entre as veciñas das cidades. E conforme a poboación rural vai envellecendo, brindar axuda xa non é so un asunto no que intervén a familia, senón que a comunidade vaise coidando entre si. A pesar de que a propia xente da aldea diga reiteradamente sobre eles mesmos "non estamos tan unidos" ou "xuntarnos a convivir xa é cousa do pasado", podo decatarme de que en realidade os vínculos entre as persoas da comunidade son tan fortes, que a partir deles móvese a economía local. Tampouco se pode negar que neste contexto, a individualidade, a competencia e a envexa, por mencionar algunhas variantes de comportamento, non existan. A diferenza, ao meu parecer, é que mentres nas cidades as accións poden verse determinadas por estes factores, aquí convívese a pesar deles. Os lazos sociais son tan importantes que aquí a consigna "o voto é segredo" tómase de xeito literal e ninguén di a que partido vai votar. As posibles discusións e fracturas que o desacordo político xera poñen en perigo as

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndense
-50 rolos de herba seca. Prezo 15 € / rolo.
En Irixoa.
☎680 107 271 (Xosé Manuel)

Véndense
-Cisterna 1.800 litros en moi bo estado por pouco uso. Con documentación. Barata.
-Segadora de peite que funciona acoplada ao tractor. Moi bo estado de conservación. Tamén ten peites de reposto. Moi económica.
Oportunidade por cese de actividade.
☎630 161 952 / 981 196 114

Véndense
-Rolos de herba seca. Boa calidade. En Castro de Rei (Lugo).
☎659 643 489

Véndense
-Cisterna marca Carruxo de 8.000 litros.
-80 rolos de herba seca.
En Santa Cristina (Cospeito).
☎610 472 095 / 982 505 798

Véndense ou regálanse
-Cachorros pequenos.
☎981 446 501 / 644 791 378

Véndese
-Carro mesturador con fresa de 13m2 en bo estado, acabado de reparar.
Na zona de Boimorto.
☎649 449 031

Véndense
-2 porcos cebados.
-Parideira de porcos con baño para alimentación.
-Arado de vertedeira dos anos trinta para restaurar.
Na zona de Meira (Lugo).
☎982 330 623

Véndense
-Bañeira de aceiro con tapa.1.200 litros.
-Depósito de fibra de 1.200 litros.
☎630 931 615

Véndese
-Xerador de 22 cadeas.
-Circuíto Manus.
☎618 244 883 (Suso)

Véndese
-Xovenca de carne primeiriza, preñada de 8 meses.
En Aldixe (Abadín, Lugo).
☎982 526 806

Véndese
-Viño do país, Barrantes e Mencía.
-Augardente.
☎986 689 486

Véndese
-Silo de ferro con capacidade de 25 toneladas preparado para cal viva.
-Grade de discos de 16x24.
☎630 561 310 (Friol).

Véndese
-Autocargador Galagri seminovo, por falta de uso.
☎606 739 438

Véndese
-Citröen Xsara HDI, 90 CV.
☎659 993 345 (Xoán).

Véndese
-Casa no lugar de Parada de Ribeira, a 3 Km. de Xinzo de Limia. Amoblada e lista para vivir. Bo prezo.
☎678 616 746 (Paco).

Véndense
-1.5 ha de millo para ensilar no concello de Abegondo (prezo de mercado).
☎619 267 520

Véndense
-Motocultor Pasquali Modelo 968.02. Inclúe remolque con tracción, desbrozadora, fresadora e arado.
-Motoazada Jet 505 HR.
-Motor Honda 5.5 con fresadora e arado.
☎605 908 585

Véndese
-Aboadora de péndulo, marca Aguirre, con 500 kg. de capacidade. Na Limia.
☎650 019 275

Véndense
-Rotativa 180 Morra
-Autocargador Deutz Fahr K560.
☎627 936 604 (En Oroso)

Véndese
-Sala de muxido Full Wood, de catro puntos, monofásica.
-Tanque de leite Japy. 1.200 litros, monofásico.
☎690 779 973 (Oroso)

Véndense
-Autocargador Marangón de 13 coitelas.
-Angazo xuntador Kunh.
-Estendedor de silo.
-Desensiladora BVL de dobre coitela.
-Rolos de silo e herba seca.
☎689 552 293 (Guntín)

Véndense
-Tractor John Deere 6610 de 130 CV con pa e galleto.
-Picador Pottinger con rotores e 32 coitelas.
-Rotativa Pottinger de 3.80 de corte.
-Angazo de 6 campás Kuhn.
-Aboadora 2.000 kg Amazone.
-Aboadora 500 kg (propia para sementeira de herba) marca Vicon.
-Tractor Barreiros moi antigo, especial para coleccionistas.
-Seat Ibiza.
Por peche de explotación en Friol (Lugo)
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndense
-Autocargador con rotativa MORRA, en bo estado.
-Tanque bañeira de frío de 1.000 litros, de aceiro inoxidable e baixo consumo.
-Sala de muxido con tres puntos e lavado automático.
☎981 781 879 / 636 650 908

Véndese
-Leña para biomasa.
☎670 895 789

Vendese
-Skoda Fabia de 68 CV TDI, Diesel. Ano 2007 e 212.000 Km.
☎692 979 686

Véndense
-Plastificadora.
-Rotativa.
-Empacadora.
-Tanque de leite de 1. 000 l.
-Remolque.
-Batedor de xurros. e un
-Circuíto de muxido de catro puntos.
☎669 836 716

Véndense
-Herba seca en rolos.
-Alpacas pequenas.
☎619 267 520

Véndese
-Silo de 5.000 Kg dividido. Leva moito tempo parado. O funil ten un anaco podre: 300 €
-Poldro para mirar os pés, con cintas en perfecto estado: 200 €
-Depósito de gasóleo de 1.000 litros: 50 €
-Plataforma para coches sen documentación: 700 €
-Rolos de herba seca do ano 2019: 25 €
-Rolos de silo de herba seca do ano 2019: 35 €
-Alpacas de herba seca pequenas do ano 2019: 3 €
-Sala de muxido MIELE de 4 puntos, pulsadores optiplus, bomba de 1.200, medidores de cristal de 33 Kg. Todo en perfecto estado: 4.000 €
-Pataca branca Kenebec, perfecta tanto para fritir como cocer: 0'50 € / kilo.
-Segadora Fella 208. Nova. 5 discos: 4.000 €
En Cambre (A Coruña).
☎667 925 467 (Verónica)

Véndese
-Tanque de frío marca ALFA LAVAL para 430 litros e catro muxiduras.
-Rolos de silo desta campaña.
-Segadora de man marca ALFA, modelo A-100
☎689 601 768 (Emilio). Chamar a partir das 15:00 h.

Véndese
-Castrón adulto (2 anos) para recría. Saneado. Criado en liberdade con pasto natural.
Zona de Corme (Ponteceso).
☎659 932 481

Véndense
-Máquinas de limpar.
-Muíño eléctrico.
No Corgo (Lugo).
☎648 718 864 (Manuel)

Véndese
-Boi de 4 anos, grande e manso. A 8 km de As Pontes.
☎600 830 624

Véndense
-Vacas frisoas por peche de explotación. Boa xenética e boa produción.
☎722 763 880

Véndese
-Empacadora Massey Fergusson 124E.
☎629 851 614

Véndese
-Angazo estendedor Pottinger 520.
-Circuíto de muxido Gascoigne de 5 puntos.
-Tanque de leite de 650 litros, monofásico para 2 muxidos.
-Calleiros mod. carrete.
-Elevador vacún.
-Estendedor de silo.
En Guntín (Lugo). Por cese de actividade. Preguntar por Xosé.
☎982 320 206 / 686 811 992

OUTROS

Alugase
-Nave de recría, con capacidade para 30 animais. Na zona de Chantada.
☎687 082 210

Alúgase
-Granxa de leite con cortes vellas, novas e fincas. En Reboredo (Frades). Dispón de rodadeira, sala de muxido, sala de espera, etc.
-Tamén hai posibilidade de mercar o gando existente na granxa actualmente.
☎628 829 199

Regálase
-Silo metálico especial para serraduras. Na comarca do Deza.
☎620 262 786 (Pili)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

relacións da comunidade. Claro, isto á súa vez ten outro tipo de implicacións, como a despolitización da vida cotiá.

* * *

Atoparme no medio desta lóxica tan distinta á que estaba acostumada nas cidades, fai que me pregunte, todo isto estará determinado polo acceso ás materias primas que se obteñen a través da terra e do traballo? De ser así, a canto tempo se remonta esta forma de procurar a vida propia e a vida allea? As dificultades económicas que azoutaron o mundo rural galego desde hai séculos propiciaron nalgunha medida a cooperación diaria que vexo? Para min e o meu compañeiro foi unha sorte ter chegado a estar parte do mundo. Puidemos comezar a habitar unha casa en estado de abandono por mais de tres décadas grazas á colaboración de toda a aldea. O afecto e o coidado ao noso redor, que asemellan aos que se atopan nunha familia, foi un apoio emocional importante que contrarresta a soidade de vivir lonxe da terra natal. A falta de mobilidade, de emprego ou de cultura na zona na que se vive son sempre unha desvantaxe e son algunhas das razóns polas que a xente migra ás cidades. Para unha lóxica de vida, hai máis posibilidades na urbe. Porén, hai outro tipo de valores importantes da vida rural que fan posible a subsistencia, os cales non se poden medir en termos monetarios porque aínda non foron tocados polas farpas do capitalismo.

FOUCE 328
Setembro-Outubro 2019
sindicato labrego galego
comisións labregas

O 16 de outubro, decenas de miles de persoas de todo o Estado asolagaron as rúas de Madrid para defender o sistema público de pensións e esixir orzamento suficiente para que as persoas que se xubilan poidan vivir dignamente a última etapa das súas vidas. A Coordinadora das Persoas Maiores do Sindicato Labrego Galego colaborou na campaña do Movemento en Defensa das Pensións (Modepen) para promover esta marcha reivindicativa na que tamén participou.

A Coordinadora das Persoas Maiores do SLG a Madrid en defensa das pensións

A marcha polas pensións foi convocada pola Coordinadora Estatal en Defensa do Sistema Público de Pensións (Codespe), constituída por 280 plataformas locais e na Galiza por Modepen. Previamente a esta data, o 21 e o 23 de setembro, centos de persoas xubiladas comezaron unha camiñada a pé dende Rota (Cádiz) e Bilbao para confluír en Madrid, onde se unirían á manifestación que foi dende a Porta do Sol até o Congreso dos Deputados e das Deputadas. Alí, rexistraron un informe dirixido á presidenta do Congreso, Meritxell Batet.

As principais demandas deste movemento que defende o sistema público de pensións foron:

1. Blindar as pensións como un dereito fundamental na Constitución.
2. Que por lei se revaloricen segundo o Índice de Prezos de Consumo (IPC) real e non co 0'25% como agora.
3. Elevar as pensións máis baixas até igualalas co salario mínimo: 900 euros ao mes en 14 pagas ou 1.084 en 12 mensualidades, tal e como recomenda a Carta Social Europea para España.
4. Unha sanidade pública e de calidade que elimine copagos.
5. Suficientes residencias para a terceira idade que sexan públicas, accesibles e de calidade.
6. Derrogación das dúas últimas reformas laborais e de pensións. Isto último suporía volver reducir a idade de xubilación aos 65, eliminar os incentivos á prolongación da vida laboral ou reducir o período de cálculo.



Decenas de miles de persoas marcharon o 16 de outubro dende a Porta do Sol até o Congreso d@s Deputad@s

Para acadar isto, reclámanse unha necesaria suba dos impostos. Hai que ter en conta que o Reino de España é un dos países que menos impostos recadan na Unión Europea debido, sobre todo, a que os que máis teñen pagan menos.

Tamén se reclaman medidas concretas, como que non haxa topes nas pensións para que os que máis gañan poidan cotizar máis, perseguir as horas extra fraudulentas que non cotizan á Seguridade Social, eliminar os incentivos fiscais para os plans privados de pensións ou crear tarifas planas para as cotizacións de autónomos e autónomas (entre quen se inclúen profesionais da agricultura). A loita contra a fraude fiscal e a economía mergullada tamén é unha materia pendente á hora de recadar máis.

Só o 5% das labregas cobran o 100% da xubilación

Os labregos e, especialmente, as labregas, xogámonos moito con calquera modificación que se faga no sistema público de pensións. Teñamos en conta que as pensións labregas na Galiza están, de media, 260 € por baixo do Salario Mínimo Interprofesional: 639'30 €. E as das mulleres agricultoras son aínda máis baixas.

As reformas das pensións dende 2011 supuxeron unha perda de poder adquisitivo do 45%. Esas reformas supuxeron, ademais, o aumento da idade de xubilación dos 65 aos 67; subir de 52 a 55 anos a idade para poder cobrar o subsidio para desempregad@s maiores, computando os ingresos da unidade familiar e, polo tanto, excluíndo o 89% das mulleres; ou dificultar os requisitos da xubilación anticipada, que só se pode coller aos 63 ou 64 anos cunha perda da base de cotización entre o 40 e o 45%.

Pero, para os labregos e labregas, a primeira gran reforma que sufrimos foi a eliminación do réxime da Agraria para pasar ao de Autónom@s en 2007. Daquela, había na Galiza 200.000 persoas cotizando pola Agraria, pero só se deron de alta como autónom@s 26.000. A maioría das persoas que deixaron de cotizar foron mulleres. O resultado é que, hoxe en día, apenas o 5% das labregas galegas se xubila coa pensión íntegra, fronte ao 80% dos homes que traballan no campo.